

UNICEF Comité Español

unicef 

para cada neno

©UNICEF/Carolina Sainz

A INFANCIA EN GALICIA 2018

AUTORÍA

Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Cambeiro Lourido, M^a del Carmen

Caride Gómez, José Antonio

Castro Martínez, Paloma

García Alonso, Adrián

Gradaílle Pernas, Rita

Gutiérrez Moar, María del Carmen

Lorenzo Moledo, María del Mar

Maneiro Crespo, Elba

Parga López, Grial

Priegue Caamaño, Diana

Santos Rego, Miguel Anxo

Varela Portela, Cristina

EDITA

UNICEF Comité Galicia

Rúa Galeras 13, planta 2, oficina 5

15705 Santiago de Compostela, A Coruña

galicia@unicef.es

www.unicef.es

COA COLABORACIÓN DE

Equipos de Incidencia Política de UNICEF Comité Español e UNICEF Comité Galicia

AGRADECEMENTOS

Consello de Participación Infantil de Castrelo de Miño

Consello de Participación Infantil de Tomiño

Consello de Participación Infantil de Ourense

Prado Soto, Carlos

Del Río Abelenda, Carla

FOTOGRAFÍAS

Del Río Hernández, Anxo

Del Río Hernández, Gloria

Ureña Pérez, Pablo

UNICEF Comité Español

UNICEF Comité Galicia

MAQUETACIÓN E DESEÑO

Ecovigo Publicidade

Dereitos de autor sobre os contidos deste informe: queda permitida a libre reprodución de calquera extracto deste documento sempre que se cite a súa procedencia.

DEPÓSITO LEGAL:

M-36223-2018

DECEMBRO 2018

ÍNDICE

	0	Introdución	PÁX.4
As Políticas de Infancia	1	O Dereito á Educación	PÁX.18
	2		
O Dereito á Saúde	3	O Dereito á Participación	PÁX.38
	4		
O Dereito á Protección	5	Pobreza Infantil e Exclusión Social	PÁX.50
	6		
Axenda para a Acción	7	Referencias Bibliográficas	PÁX.64
	8		



INTRODUCCIÓN



UNICEF Comité Español traballa para promover a aplicación dos dereitos da infancia que define a Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN) de 1989 e velar porque sexan recoñecidos e se cumpran en todo o país.

En 2010, UNICEF Comité Español publicaba o informe *La infancia en España. 20 años de la Convención sobre los Derechos del Niño: retos pendientes*¹. Por primeira vez, os datos mostraban que a pobreza ten rostro de neno. Dende entón publicáronse outros dous informes² dos que se desprende a necesidade de traballar cara a un **Pacto de Estado pola Infancia** que blinde os dereitos dos nenos e nenas, especialmente nos ámbitos da **pobreza infantil e da educación**.

Centrándonos en Galicia, o 4 de abril de 2011, UNICEF Comité Galicia asinamos, xunto cos portavoces dos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia, o *Pacto Galego pola Infancia*, co obxectivo de mellorar o cumprimento da CDN cun mecanismo institucional estable e apoiado por un amplo consenso social e compromiso político. A este Pacto fóronse sumando nos anos sucesivos os novos grupos políticos xurdidos no Parlamento. Actualmente estamos traballando na firma dun novo Pacto que se adapte á realidade e ao contexto dos 387.234 nenos e nenas que viven na comunidade autónoma.

Agora, un dos desafíos que asumiu UNICEF Comité Galicia é o de ampliar a cantidade e a calidade da información sobre a situación da infancia a nivel autonómico, abordando os grandes retos na súa protección e a análise das políticas específicas que existen e se poden expor no devandito ámbito. En definitiva, dende o comité de UNICEF Galicia apostamos por contribuír a mellorar a realidade dos nenos e das nenas na nosa comunidade, baseándonos na análise e a evidencia.



©UNICEF/Carolina Sainz

Un amplo equipo de investigadores da Universidade de Santiago de Compostela (USC), coordinado por María del Mar Lorenzo e M^a del Carmen Cambeiro, profesoras da Facultade de Ciencias da Educación da USC, elaboraron as distintas áreas que conforman o informe [A infancia en Galicia 2018](#).

Dado que a opinión e participación dos nenos, nenas e adolescentes é un dos alicerces fundamentais de UNICEF e da CDN, dende UNICEF Comité Galicia convidamos a diferentes órganos de participación infantil da comunidade a realizar unha sesión nos seus respectivos consellos de participación para que a súa voz sexa unha parte fundamental no presente documento. As súas reflexións ilustran as áreas analizadas.

A recompilación de datos tivo en conta o disposto no CDN, as Observacións Finais do Comité dos Dereitos do Neno a España 2018³ e as Observacións Xerais que este Comité elabora para afondar no cumprimento de certos dereitos, ademais dos tres informes sobre a situación da infancia en España de UNICEF Comité Español. Igualmente, solicítanse e analízanse os datos e informes dos organismos oficiais e das administracións públicas que traballan coa infancia, así como das organizacións especializadas en infancia e/ou que están en contacto directo con ela.

En UNICEF Comité Galicia diriximos a mirada non só ao estado actual do cumprimento dos dereitos dos nenos e nenas, senón tamén ao horizonte marcado pola comunidade internacional no histórico Cumio de Desenvolvemento Sustentable 2015, no que se aprobou a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.

A Axenda 2030, adoptada por 193 países, establece 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) que a comunidade internacional ten que alcanzar para todas as persoas, facéndoo dunha forma sostible e con equidade. Os ODS promoven os dereitos da infancia e supoñen unha oportunidade para protexer todos os nenos e nenas baixo consigna de non deixar ningúen atrás.

A Axenda 2030 representa, por tanto, unha grande ocasión para que o Goberno e as políticas públicas en Galicia respondan de maneira efectiva á loita contra a pobreza e a desigualdade, e a favor da sustentabilidade.

ESTRUTURA DO INFORME

Analízanse unha serie de áreas clave para o desenvolvemento da infancia e a adolescencia en Galicia:

1) **As Políticas de Infancia.** Análise dos plans e estratexias existentes, as ferramentas para o seu seguimento e a súa adecuación á realidade da infancia e adolescencia galega. Responden a cuestións como: que políticas hai?, como se realiza o seguimento das mesmas?, realízanse informes de situación da infancia en Galicia? ou establécense indicadores para medir o benestar infantil?

2) **O Dereito á Educación.** Análise da situación da educación, tendo presente a súa función como mecanismo redutor das desigualdades, os aspectos clave como o rendemento e o abandono ou fracaso escolar, a participación en actividades non lectivas, os indicadores de resultados educativos na comunidade ou o gasto público en educación.

3) **O Dereito á Saúde.** Análise do acceso á asistencia sanitaria infantil, a saúde dos/as adolescentes, a obesidade, o abuso de substancias nocivas ou a saúde mental infantil.

4) **O Dereito á Participación.** Análise da participación infantil -tanto a nivel autonómico como municipal- na toma de decisións, iniciativas de éxito e como se pode impulsar o seu rol de axentes de cambio e transformación.

5) **O Dereito á Protección.** Análise da violencia e abusos contra a infancia, e da xustiza penal xuvenil, ademais de aspectos relativos ao noso sistema de protección como o acollemento residencial e o familiar.

6) **Pobreza Infantil e Exclusión Social.** Análise do dereito a un nivel de vida adecuado e sobre a situación de benestar material, ademais dunha ampla reflexión sobre os riscos de pobreza e exclusión social da infancia en Galicia e o impacto da crise nas familias.

7) **Axenda para a Acción.** O informe conclúe cunha relación de propostas e recomendacións sobre as accións e medidas a emprender na comunidade para promover e protexer os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes galegos.

Debemos destacar, e así o recolleemos nas propostas, a necesidade de contar con datos estatísticos máis actualizados e desagregados que permitan unha análise máis pormenorizada da situación da infancia en cada contexto.

Dende UNICEF Comité Galicia presentamos este informe co obxectivo de que sexa un instrumento primordial para avanzar na mellora da situación da infancia na comunidade, que enriqueza o debate público e, sobre todo, que facilite a adopción de compromisos para a posta en marcha de políticas para a protección e a promoción dos seus dereitos.



AS POLÍTICAS DE INFANCIA

*Elba Maneiro Crespo, Adrián García Alonso,
Paloma Castro Martínez e Grial Parga López*

► *Universidade de Santiago de Compostela*

INTRODUCCIÓN: LEXISLACIÓN E ESTRUCTURA INSTITUCIONAL

Un primeiro paso imprescindible á hora de analizar a situación da infancia, sexa cal for o contexto, é un estudo da lexislación e da normativa relativa aos dereitos dos nenos e nenas. A Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor⁴ constitúe o principal marco regulador dos dereitos da infancia, garantindo así unha protección uniforme en todo o Estado. Esta lei foi o referente na lexislación, que posteriormente e de acordo ao seu marco competencial, foron aprobando as distintas comunidades autónomas. Nesta liña, o termo infancia aparece definido pola normativa autonómica de Galicia no artigo 37 da Lei 3/2011⁵, de *apoio á familia e á convivencia*:

“Enténdese por infancia o período de vida das persoas comprendido dende o nacemento ata os doce anos de idade, e por adolescencia o que abarca dende a devandita idade ata a maioría de idade establecida pola Constitución e o Código Civil – os dezaioito anos”.

No ámbito estatal, tras 20 anos dende a aprobación da Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, recentemente aprobáronse a Lei 26/2015 de Protección á Infancia e á Adolescencia⁶ e a Lei Orgánica 8/2015 de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia⁶, co obxectivo de garantir unha protección uniforme aos menores de idade en todo o Estado.

Con todo, debemos destacar a escasa atención, tanto no plano normativo como documental, que se lle prestou á situación da infancia en Galicia. Feito que, sen dúbida, se atopa relacionado coa inexistencia dunha lei de protección á infancia específica na comunidade, así como a ausencia de organismos e estruturas dedicadas especificamente á análise da situación e a defensa dos dereitos de nenos, nenas e adolescentes.

O marco normativo galego relativo á infancia redúcese ao Título II da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de *apoio á familia e á convivencia*, que se dedica á infancia e á adolescencia. Pero debemos destacar como esta lei vai introducir modificacións substanciais respecto da atención á infancia. Así, apróbase a Orde do 21 de marzo de 2012⁸ pola que se establece o modelo oficial de contrato de intermediación en adopción internacional para a Comunidade Autónoma de Galicia, ou se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia (Decreto 192/2015, do 29 de outubro⁹). Esta Carteira responde á necesidade de superar o modelo de atención baseado en programas e equipamentos, para adoptar un modelo centrado nas necesidades das persoas e nos servizos que se lle deben prestar.

A Xunta de Galicia adscribe as políticas de infancia á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (DXFIDD), pertencente á Consellería de Política Social. Esta Dirección conta cunha Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia. Así, aínda que non existe unha Dirección Xeral que se dedique exclusivamente á infancia, debemos destacar o avance que supón o feito de que se inclúan os termos “infancia” e “adolescencia” na devandita Subdirección Xeral.

Entre as súas competencias podemos citar, no que respecta á infancia, exercer as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e á adolescencia; protexer e tutelar a infancia en situación de risco ou desamparo, executar as medidas ditadas polos xulgados de menores de idade, e promover e adoptar medidas que aseguren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral como medio para garantir un ambiente favorable para a creación e o libre desenvolvemento das familias.

©UNICEF/Hugo Palotto

ACCIÓN NO MARCO DA INFANCIA

No relativo ás accións que a *Xunta de Galicia* desenvolveu no marco da infancia e a adolescencia, destacamos catro estratexias ou plans:

1. *Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia (EGIA) 2016-2020* (Documento borrador).

A EGIA é un instrumento de planificación que pretende mellorar as condicións de vida das nenas, nenos e adolescentes de Galicia, e visibilizar a infancia e a adolescencia en toda acción de goberno, velando polos seus dereitos. É, por tanto, un marco para abordar de forma integral as necesidades da poboación infantil e adolescente galega, incrementando o seu benestar. As liñas estratéxicas sobre as que está estruturada son¹⁰:

● **Promoción dos dereitos e a participación.**

O obxectivo estratéxico desta liña é a promoción dunha cultura e sensibilidade a favor dos dereitos e deberes da infancia e a adolescencia. Promocionárase unha participación activa tanto na comunidade como en calquera proceso que lle afecte.

● **Crecemento equilibrado e saudable.**

O que se pretende é o benestar físico, psíquico, emocional e social dos nenos e nenas. Para iso impulsaranse estilos de vida saudables e das contornas medio ambientais e sociais adecuadas. Así mesmo prestarase especial atención á detección e prevención de factores de risco. Nesta liña sinalamos o Programa de Atención Ambulatoria¹¹.

● **Intervención en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar e social.**

Unha atención integral que teña en conta as diferenzas individuais de cada neno ou nena, prestando especial coidado ás situacións de gran vulnerabilidade. Destacamos os programas *Acollemento Familiar*, *Acollemento Residencial*, *Adopcións Especiais*, e *Integración Familiar*.


● **Mellora da calidade do sistema e a práctica institucional.**

Esta liña céntrase en reforzar a calidade dos recursos a través da investigación, a formación, a capacitación e a cooperación. Entre as actuacións previstas están: a creación do *Observatorio Galego da Familia e da Infancia*, e a elaboración da Estatística de Infancia e Adolescencia e dun mapa de recursos de atención temperá.

A aprobación da EGIA atópase, no momento de redacción deste Informe, en fase de tramitación administrativa. Estaba previsto que tivese lugar en setembro de 2018, segundo a información proporcionada pola administración competente.

GRF.1

Proxeccións de poboación a curto prazo



Fonte: IGE. Taxa bruta de natalidade: número de nacementos nunha poboación por cada mil habitantes



©UNICEF/Hugo Palotto

2. Plan Galego de Política Familiar 2015-2018, Horizonte 2020. (Documento borrador).

A diminución da taxa de natalidade (de aquí ao ano 2020 os nacementos situaríanse nos 16.733, fronte aos 21.812 de 2011), xunto a un número cada vez máis elevado de persoas maiores de 65 anos (648.005) e cada vez máis reducido de persoas de 0 a 14 anos (326.679)—datos do Instituto Galego de Estatística (IGE)¹² de 2013—, fai que nos atopemos cunha evidente tendencia ao envellecemento da poboación.

Os fogares con nenos, nenas e mozos (inclúe a menores de 18 anos e ás persoas de 18 a 24 anos que non perciben ingresos) representaban en 2016 o 31,41 %, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (INE).

Á luz destes datos, este plan¹³ expón **seis obxectivos xerais**:

1. Dotar ás familias dos servizos, recursos e medidas necesarios para apoiar o papel que desenvolven na sociedade.
2. Dar resposta ás necesidades das familias ante situacións especiais.
3. Establecer os mecanismos para o apoio á maternidade/paternidade.
4. Promover que os pais e nais teñan ferramentas que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e a corresponsabilidade.
5. Promover novos modelos de educación familiar para a mellora das pautas na crianza dos e das menores de idade, baseados na parentalidade positiva.
6. Sensibilizar á sociedade en xeral sobre a importancia da familia e a súa incidencia no Estado do Benestar.

Así, distingue as seguintes áreas de actuación con diferentes medidas: convivencia familiar (78); educación (19); conciliación persoal, familiar e laboral (41); saúde (16); vivenda e transporte (16); e lecer, deporte e voluntariado (16).

Ao atoparse este plan aínda en borrador, o que se está desenvolvendo é o *Programa de Apoio á Natalidade*¹⁴. Trátase dun programa global que busca dar resposta ás necesidades das familias, garantir o seu benestar e apoialas de forma integral e continua. Consta dunha batería de medidas articuladas en tres grandes áreas de actuación:

PAN-Axudas:

Enfocado a contribuír a paliar o custo dos primeiros anos de vida dun fillo/a través de dúas vías: axudas económicas e incentivos fiscais. Inclúese aquí, por exemplo, a *Tarxeta Benvida*.

PAN-Concilia:

Impulsa medidas de conciliación corresponsable que faciliten o acceso e a permanencia no mercado de traballo. Inclúe o *Bono Concilia*, as *Casas Niño* ou o *Bono Coidado*.

PAN-Servizos:

Ofrece recursos e servizos para as familias co obxectivo de crear contornas favorables e mellorar o seu benestar no momento de chegada dun fillo ou filla. Entre as principais medidas desta área destaca a creación de dous Bancos de Leite Materno nos hospitais da rede pública de Vigo e A Coruña.



©UNICEF/Ajay Hirani

3. Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, Horizonte 2020.

Destaca a urxencia da revitalización demográfica, sinalando a familia como estrutura básica da sociedade e o ámbito natural do desenvolvemento da persoa. O dato que destaca é que a poboación infantil só representa o 11,7% da poboación total de Galicia. Os principios reitores que guían este Plan son: sensibilización, igualdade, protección da familia, participación e cooperación, e dimensión transversal.

O seu obxectivo principal é a promoción da dinamización demográfica de Galicia, tratando de igualar ou superar a media europea de fillos/as por muller (1,08 fillos en Galicia, fronte a 1,59 na UE).

Distingue 4 áreas de actuación:

1. Sensibilización para a dinamización demográfica, dirixida a concienciar do problema e introducilo no debate das administracións públicas e privadas.

2. Impulso socioeconómico á maternidade/paternidade, co acceso a axudas económicas que apoién a decisión da paternidade/maternidade e fortalecer a rede de recursos de información, asesoramento e acompañamento aos pais e nais.

3. Apoio ás familias para favorecer a súa calidade de vida e o desenvolvemento persoal integral dos nenos e nenas, especialmente mediante o establecemento de medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

4. Coordinación interdepartamental e transversalidade, que busca promover a coordinación e o desenvolvemento de estratexias conxuntas, interdepartamentais e interdisciplinares, que fagan posible a transversalidade do obxectivo de rexeneración demográfica a todos os ámbitos da vida pública e privada de Galicia.

No momento de redactar este informe, e consultada a administración competente, non está pechado o proceso de revisión da execución deste plan. Con todo, si que se nos informou da realización en 2015 dunha avaliación intermedia na que se constatou unha porcen-

taxe de execución do 60% das medidas previstas:

● Área de sensibilización para a dinamización demográfica.

Con 10 medidas previstas, executáronse 6 (60%). Entre elas destacamos: campaña publicitaria nos medios de comunicación; Congreso Internacional de Demografía; elaboración de guías de apoio, asistencia e recursos para a maternidade e paternidade; ou o deseño e impartición dun módulo transversal de formación en sensibilización demográfica para o sistema de formación para o emprego. Estas accións propiciaron un intenso debate en todos os medios autonómicos, e mesmo nacionais, sobre a situación en que está a pirámide de poboación en Galicia.

● Área de impulso socioeconómico á maternidade/paternidade.

Contempla 8 medidas, das que xa se desenvolve-ron 7 (88%): incremento do 20% da dedución fiscal por nacemento ou adopción de fillos/as; consolidase a prestación de pago único por fillos/as menores de 3 anos; exención de pago nas escolas infantís para o segundo fillo ou filla; elaboración dun Protocolo de actuación con mulleres que desexan dar ao seu fillo en adopción, e impulso ao *Carné Familiar Galego*.

● Área de apoio ás familias.

É a que máis medidas contempla, concretamente 45, das que xa se executaron 25 (56%), entre elas: incremento das prazas de escolas infantís da rede pública nun 70% (o cociente de atención de escolas infantís financiadas con fondos públicos na poboación de 0-3 anos mellorou en 12 puntos dende o curso 2009/2010, situándose no 32,5% de cobertura actual, só a medio punto da recomendación da UE); ou a incorporación da flexibilidade do horario laboral e o tele traballo no ámbito do persoal da función pública, beneficiándose 7.100 traballadores públicos.

● **Área de coordinación interdepartamental e transversalidade.**

Con 6 medidas das que xa se formalizaron 4 (67%). Entre elas, o traballo en rede con outras CC. AA. a través do Foro de Rexións con Desafíos Demográficos (FREDD), ou a adhesión e participación activa na Rede Europea de Rexións afectadas polo Cambio Demográfico (DCRN).

Estes dous últimos plans centran os seus esforzos en sensibilizar sobre o problema demográfico galego e o avellentamento da poboación a través de medidas que favorezan, por exemplo, a conciliación familiar, dar apoio ás familias e impulsar a maternidade/paternidade.

Cabe sinalar que todas estas accións e medidas destinadas a modificar a dinámica de declive demográfico de Galicia culminaron na integración transversal da perspectiva demográfica no Plan Estratéxico Rexional de Galicia 2015-2020, que sitúa a recuperación da poboación como principio transversal para todos os seus eixos de acción. Este Plan Estratéxico é un documento de grande importancia práctica, xa que constitúe a base para a elaboración dos orzamentos anuais da comunidade autónoma durante todo o seu período de vixencia temporal.

4. Estratexia de Inclusión Social de Galicia (2014-2020)

Neste documento atopamos tres referencias claras á situación da infancia: *Pobreza infantil en Galicia*, *Loitar contra a pobreza infantil* e *Promover o acceso á educación e á formación previndo o fracaso escolar e aumentando os niveis de competencias*. Estas dúas últimas enmárcanse dentro das prioridades e obxectivos da *Estratexia de Inclusión Social de Galicia*.

A *Consellería de Traballo e Benestar* realizou un estudo en 2014¹⁵ sobre o estado da pobreza infantil na comunidade autónoma, do cal se extraeron as seguintes conclusións:

1. O risco de pobreza e exclusión, así como o nivel de desigualdade, é maior naqueles fogares nos que conviven menores de 16 anos.
2. A pobreza infantil concéntrase en zonas urbanas.

3. O desemprego e a vivenda son elementos clave.

4. As familias que concentran maior risco de pobreza e exclusión son as monoparentais.

Como aspecto clave na loita contra a pobreza infantil, esta Estratexia destaca non só a importancia da garantía dunha renda básica para as familias en situación de vulnerabilidade con nenos menores de idade ao seu cargo, senón tamén o esencial dunha educación temperá que garanta a igualdade de oportunidades no desenvolvemento persoal dos nenos.

Non se dispón dun informe de impacto desta Estratexia para a infancia, pero está prevista unha avaliación intermedia en 2018.



©UNICEF/Irene Marín

COORDINACIÓN E COOPERACIÓN

A *Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia* (EGIA) contempla como un dos seus obxectivos operativos a coordinación e cooperación intrainstitucional, interinstitucional e co terceiro sector, para garantir unha atención inmediata e integral. Para iso, indica unha serie de actuacións como a elaboración de protocolos e os seus respectivos impulsos, e o **fomento da colaboración entre institucións e servizos sociais**, así como de liñas de actuación interprofesionais.

No **campo educativo** inclúese a elaboración dun protocolo de prevención do absentismo escolar que incorpore a perspectiva educativa e social. Neste sentido, a *Consellería de Cultura, Educación e Ordena-*

dedicado á discapacidade auditiva e outro ás altas capacidades. Pero tamén se están deseñando **dúas unidades didácticas**: unha sobre **diversidade e inclusión**, en colaboración co Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI), e outra sobre a **historia do pobo xitano en Galicia**, en colaboración coa Fundación Secretariado Xitano. Galicia conta, ademais, cun Protocolo de *Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)*¹⁷.

Na **área sanitaria** propónse impulsar protocolos de colaboración que garantan a atención dos menores de idade do sistema de protección, por parte dos profesionais sanitarios, especialmente dos profesionais da saúde mental. Ligado a isto, aplicárase un protocolo de actuación coordinada para a atención e derivación dos menores de idade con trastorno por **déficit de atención**



©UNICEF/Ajay Hirani

ción Universitaria aprobou en 2014 o *Protocolo Educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia*¹⁶. Así mesmo, prevese a preparación dun protocolo para a detección e seguimento de nenos e nenas que precisen dun apoio educativo específico, no cal estean involucrados tanto os departamentos de benestar como de educación e sanidade. De feito, na actualidade a *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria* está a revisar distintos protocolos, como o de atención ao alumnado con síndrome de Down, e trabállase noutros, como un

e hiperactividade. No ano 2014 publícase o *Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario*¹⁸.

En canto ao ámbito dos **servizos sociais**, prevese a elaboración dun protocolo autonómico en desenvolvemento do *Protocolo básico de intervención contra el maltrato infantil en el ámbito familiar* do Observatorio da Infancia do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, que coordine as actuacións dos/as profesionais dos distintos ámbitos. Este protocolo básico

céntrase na violencia contra a infancia que se produce exclusivamente no contexto familiar e incorpora a consideración dos nenos como vítimas de violencia de xénero neste contexto. Este protocolo actualizaría a *Guía para a detección dos malos tratos infantís*¹⁹.

Nesta liña de actuación debemos destacar que a comunidade autónoma conta dende o ano 2000 cun *Protocolo de actuación en abusos sexuais a menores*²⁰.

Ademais, **Galicia foi a primeira comunidade en adherirse expresamente á Campaña de Prevención da Violencia Sexual contra a Infancia** *Un de cada Cinco*, mediante unha declaración institucional do 6 de novembro de 2014²¹. Con esta mesma finalidade, en 2017 lanzouse a campaña *37mil sorriSOS*, porque en Galicia 37.000 nenos e nenas, 1 de cada 5, poderían ser vítimas de abusos sexuais. Ao amparo desta campaña créase o Protocolo de INO para previr e detectar abusos sexuais baseado en catro liñas fundamentais: **previr, observar, manter a calma e notificar os casos a un profesional especializado**. E en 2018, tamén se lanzou unha campaña, fundamentalmente dixital, denominada *#acendamolaluz*.

Ademais, neste ámbito contéplase o impulso da coordinación entre os servizos sociais comunitarios, os servizos sociais especializados de menores de idade e os servizos de emprego, para a elaboración e desenvolvemento de itinerarios para a **inserción sociolaboral de menores de idade que estivesen nos sistemas de protección e reforma**. Prevese, ademais, o establecemento de liñas de colaboración entre profesionais e institucións para a detección, atención e seguimento dos menores de idade en situacións especiais.

Como medida de comunicación entre servizos, a Estratexia (EGIA) inclúe a previsión da elaboración e posta en marcha dun protocolo de coordinación, intervención e derivación institucional en materia de atención temperá entre os ámbitos sanitario, educativo e de servizos sociais. A partir do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, xorde a necesidade de dispoñer dun instrumento común no traballo que desenvolven os servizos de atención temperá que integren a Rede. Nace así o *Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá*²².



INSTITUCIÓNS PARA A DEFENSA DA INFANCIA: O OBSERVATORIO GALEGO DA FAMILIA E DA INFANCIA

A súa creación está prevista no artigo 4 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de *apoio á familia e á convivencia*. Este mesmo artigo indica que deberá funcionar como un órgano colexiado de carácter asesor e de apoio, análise, investigación, estudo e proposta de actuacións en materia de familia e de infancia.

Aínda que adscrito á *Consellería de Política Social*, a súa posta en marcha estaba prevista para o primeiro semestre de 2018. **Estará formado por organismos e entidades que traballan neste ámbito e poderá funcionar mediante grupos de traballo que achen coñecementos técnicos.**

Facendo unha comparativa, neste sentido, con outras comunidades autónomas, destacamos os casos de Andalucía, Cataluña, Principado de Asturias e País Vasco, que contan cos seus correspondentes observatorios dedicados exclusivamente á infancia. Doutra banda, Baleares creou un Observatorio da Infancia e da Adolescencia, e Estremadura un Observatorio da Familia e a Infancia.

En todo caso, o Observatorio asumirá as funcións da Mesa Galega de Protección á Infancia que aparecía reflectida no *Plan Estratégico Galego da Infancia e da Adolescencia 2007-2010*, aínda que non chegou a constituírse.

A lei tamén prevé a creación do *Consello Galego da Familia* como un órgano colexiado permanente de participación e consulta da *Xunta de Galicia* para a planificación e desenvolvemento das políticas que afecten ás familias na comunidade.



©UNICEF/Pablo Ureña



2

O DEREITO Á EDUCACIÓN

Miguel A. Santos Rego

► *Universidade de Santiago de Compostela*

INTRODUCCIÓN

De acordo con UNICEF (2005)²³:

"A infancia é algo máis que o tempo transcorrido entre o nacemento e a idade adulta."

É a época na que os nenos e nenas teñen que estar na escola e nos lugares de recreo, crecer fortes e seguros de si mesmos, e recibir o amor e o estímulo das súas familias e dunha comunidade ampla de adultos. É, por encima de todo, a calidade de vida dos nenos e nenas, que convén analizar de modo integrado e non segmentado entre os 0 e os 18 anos.

A construción do futuro só é posible se coidamos a infancia con todos os medios ao noso alcance. E un deses medios -que tamén é fin- apunta ao ineludible dereito á educación que asiste a cada neno e nena. Dende 1989 así se reflicte na Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN), tratado internacional de dereitos humanos, concretamente nos artigos 28 e 29.

Antes de nada, o que importa é proclamar o dereito efectivo a unha educación con equidade e calidade, eixos imprescindibles de sustentabilidade no mundo actual. E ambos han de sincronizarse ao máximo no sistema se queremos igualdade de oportunidades para as persoas, facendo un especial esforzo cos máis vulnerables (discapacidade, orixe sociofamiliar, etc.), e progreso compartido.

A educación é unha peza estratéxica de calquera crecemento, individual e colectivo. Certamente, temos a fortuna de vivir nunha parte do planeta onde máis garantías conflúen respecto de tan esencial dereito da infancia, o cal debe servir de acicate para apoiar proxectos e accións de educación en favor da cooperación e o desenvolvemento.

Xustamente, o compromiso coa **educación inclusiva e de calidade** é un dos alicerces do **Pacto de Estado pola Infancia** promovido por UNICEF Comité Español e outras entidades. Galicia foi unha das comunidades que asinou un Pacto autonómico pola Infancia, así como un convenio de colaboración con UNICEF para promover a educación en dereitos de infancia e a cidadanía global nos centros educativos.

Agora ben, os parámetros xenéricos de benestar ao noso redor non poden aneboar, nin alixeirar, unha visión crítica ante indicadores de insuficiencia que seguen lastrando o dereito da infancia a unha mellor educación.

Permítasenos, iso si, unha leve advertencia informativa acerca do contexto. Galicia apenas supón o 7% da poboación española, pero conta coa metade dos núcleos (uns 30.000) de poboación existentes no Estado. Un feito obxectivo que marca diferenzas na distribución poboacional e que, ademais de mostrar unha disociación entre áreas urbanas e áreas rurais, facilita a comprensión de elementos que afectan ao coidado da infancia, entre eles, singularmente, transporte e comedor nos centros educativos.


A continuación, trataremos a escolarización dos nenos e nenas en Galicia, analizaremos en detalle a ampla gama de opcións de educación infantil 0-3, os indicadores de resultados educativos na comunidade, os datos que se desprenden de Programa Internacional para a Avaliación de Estudantes (PISA, polas súas siglas en inglés), a participación en actividades non lectivas e o gasto público en educación.

A ESCOLARIZACIÓN DOS NENOS E NENAS EN GALICIA

Os datos de avance para o curso 2016-17 indican un total de 400.111 nenos, nenas, mozos e/ou alumnado matriculado en ensinos de réxime xeral en Galicia (4,9% da matrícula do país), situándose o groso en Educación Primaria, EP (6 cursos) e Educación Secundaria Obrigatoria, ESO (4 cursos). Deles, aproximadamente o 1,7% son alumnos estranxeiros.

GRF.1


Alumnado matriculado en ensinos de réxime xeral. Curso 2016-2017.
Datos avance



En Galicia, do mesmo xeito que no resto de España, a taxa de escolarización (relación porcentual entre o alumnado da idade considerada respecto ao total de poboación desa idade) é moi alta, rozando o 100% da poboación infantil de 3 a 5 anos e de 16 a 17 anos, en etapas non obrigatorias (ver Gráfica 2).

Significa isto que todo vai ben? Non necesariamente. A alta escolarización é unha condición que cabe dar por suposta, pero non ten por que ser suficiente nun país das nosas características. Unha visión máis optimista ofrécese cando é moi difícil de probar a quebra do

principio de igualdade de oportunidades e este aparece vinculado sempre ás axudas que reciben, ou non, as familias en situación de risco social para facer fronte a custos de diverso tipo (libros de texto, material escolar, visitas didácticas, etc.). De aí a crucial importancia de impulsar a articulación dun plan de servizos e programas socio-educativos, con indicadores de avaliabilidade, co obxectivo de optimizar a atención á infancia e ás súas familias, con especial énfase naquelas que se atopan nunha situación de maior vulnerabilidade social, e considerando a dispersión poboacional no territorio da nosa comunidade.

GRF.2 Taxas de escolarización no sistema educativo (%). Curso 2014-2015

A
**EDUCACIÓN INFANTIL.
MÁS ALÓ DA
ASISTENCIA**

É incontestable que un dos nós gordianos da atención educativa á infancia ten que ver coa etapa que atende a nenos e nenas desde o nacemento ata os seis anos de idade. Aínda que se configura como un período de carácter voluntario, ten unha grande importancia para o desenvolvemento dos nenos e nenas, e para a redución das desvantaxes educativas do alumnado procedente de contornas sociais e culturais menos favorecidas.


De feito, un dos obxectivos da *Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020* é “fomentar a escolarización dos/as menores na etapa da educación infantil (0-6) dos nenos e nenas das familias máis vulnerables, como elemento socializador para os máis pequenos e facilitador da conciliación e da procura activa e/ou mantemento do emprego” (Xunta de Galicia, 2014, p. 87)²⁶.

Con todo, nesta crucial etapa para a infancia é preciso distinguir entre o primeiro ciclo (0-3) e o segundo (3-6), non obrigatorio pero gratuito, cunha dependencia administrativa distinta que responde ás súas diferentes concepcións.

Xustamente, a administración autonómica puxo en marcha o *Bono Concilia*, que é un programa de axudas económicas directas ás familias para contribuír ao pago dunha praza nunha escola infantil 0-3 privada. A contía da axuda estará en función da renda per cápita da unidade familiar e dos servizos solicitados, e oscila entre 45 e 250 euros/mes.

Segundo datos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD), entre os cursos 2004-05 e 2014-15 produciuse un incremento importante das taxas netas de escolarización do primeiro ciclo de Educación Infantil. Concretamente, incrementouse en 6 puntos porcentuais para os menores dun ano, resultando un total de 15,9%, 21,7 puntos para un ano (ata o 41,4%) e 27,5


(65%) puntos para dous anos. Así, no último curso o número medio de anos de escolarización nesta etapa no conxunto de España está próximo aos 4 anos, sendo os valores máis altos por comunidade autónoma os reflectidos na seguinte figura.



Comparada coa situación da escolarización en 2004-05, na nosa comunidade prodúcese un incremento de 0,8 anos máis en escolarización, cando a media do país é de 0,5.

TAB.1

Variación no número medio de anos de escolarización en Educación Infantil



O caso de Galicia non é distinto ao doutros territorios ou comunidades autónomas dentro de España. A diferenza do segundo ciclo, baixo a competencia plena da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no ciclo 0-3 a responsabilidade básica corresponde á **Consellería de Política Social**.

TAB.2

Escolas Infantís 0-3 en Galicia.
Curso 2017-2018

Tipo de Centro	Nº centros
Escolas Infantís (EI) dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais	→ 26
EI dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	→ 140
EI e PAIs* xestionados por Concellos e Diputacións	→ 132
Outras EI de iniciativa pública (SERGAS)	→ 3
EI dependentes de entidades privadas de iniciativa social**	→ 60
EI de iniciativa privada***	→ 201

*PAI: Puntos de Atención á Infancia. Son centros de titularidade municipal que, para animar a conciliación familia-traballo, ofertan o coidado dos menores de idade a base de actividades lúdicas e educativas.
 **Subvencionadas pola Consellería de Política Social.
 ***Poden ter nenos e nenas con Cheque Infantil e/ou Bono Concilia.

Fonte: Consellería de Política Social.
<https://politicassocial.xunta.gal/web/portal/escolas-infantis>

O cal pon de manifesto unha situación na que un enfoque netamente educativo é precedido, en tempo e forma de xestión, por outro de características asistenciais (oficialmente fálase de “educativo-asistencial”), non exento de inconvenientes apreciábeis ao favorecer unha percepción social de etapa con carácter subsidiario, ademais de crear centros e servizos con requisitos mínimos, probable redución da calidade, ou falta de seguridade na primacía dun proxecto pedagóxico. Non estamos ante un tema menor, máis aló das cifras e datos sobre tipoloxía de centros, programas e prazas dispoñíbeis. Reflicte unha filosofía da acción política ao redor da infancia (ciclo 0-3) onde o eixo da atención e, sobre todo, do control educativo do proceso aparece un tanto subordinado a ópticas de mero coidado asistencial. O que se proxecta, entón, é unha disfunción estrutural na xestión, que se mostra máis nítida ante a posibilidade de que na autorización de centros ou na mesma inspección que se leva a cabo dende a **Consellería de Política Social**, impere máis unha perspectiva administrativa que pedagóxica.

A táboa anterior reflicte a ampla gama de situacións que en Galicia dan conta do primeiro ciclo da etapa infantil, ata o punto de plasmar unha complexidade que, de xeito evidente, dificulta as tarefas de xestión e avaliación. Sería moi recomendable que no futuro se simplificase o abano de posibilidades, cunha diáfana aposta en favor do investimento público e a súa correspondente tradución en número de prazas dispoñibles. Ademais, haberá que lograr unha distribución máis equitativa neste territorio. Respecto diso, dende a **Consellería de Política Social** comezaron co desenvolvemento de Casas Nido como un modelo alternativo de coidado educativo da infancia nas áreas rurais de Galicia²⁸.

Tendo en conta o exposto, debería valorarse a adecuación da **inclusión da etapa 0-3 na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** ou o **seu mantemento na Consellería de Política Social, cun traballo coordinado** que facilite e promova activamente o acceso ao ensino 0-3; que garanta as oportunidades de aprendizaxe, xogo e socialización dos nenos e nenas de 0-3 anos; e que asegure o desenvolvemento do seu máximo potencial, sempre tendo en consideración especial os casos de nenos e nenas en desvantaxe pola súa situación social, económica, familiar ou de discapacidade.

OS INDICADORES DE RESULTADOS EDUCATIVOS EN GALICIA


a. Abandono temperán

Cando hoxe en día se ausculta o estado educativo da infancia nunha comunidade é necesario aludir, en primeiro termo, ao 'abandono temperán', isto é, á porcentaxe de persoas de 18 a 24 anos que teñen como nivel máximo de estudos a educación secundaria, primeira etapa, ou anteriores niveis educativos, e que non seguen ningún tipo de educación ou formación, coas consecuencias e custos tanto a nivel individual como social.

En calquera caso, así definido, ao concepto de 'abandono' faltaríanlle algunhas notas que o asocian con variables sociais e culturais ligadas ao contexto familiar. Non en balde existe coincidencia en destacar a importancia do nivel educativo dos pais, especialmente o da

nai. Así, segundo datos do MECD (2017)²⁹, en 2016 a taxa de abandono dos mozos con nais que posúen estudos superiores foi do 4,3% fronte ao 37,3% daqueles cuxas nais acreditaban EP ou inferior.

Aínda que o abandono escolar en España vén descendendo dende o ano 2009, o certo é que, segundo os últimos datos, a taxa aínda se sitúa, en 2017, no 18,2%, con maior incidencia nos homes (21,5%) que nas mulleres (14,7%). Esos mesmos datos, correspondentes ao segundo trimestre do ano 2017, arrojan un saldo xeral de **abandono escolar en Galicia do 14,6%**, nada menos que 11 puntos por baixo do rexistrado en 2009 (25,8%). Con estes números, a comunidade está a cumprir o obxectivo que, en atención ás nosas circunstancias, **fixou a UE para España en 2020 (Estratexia Europa 2020), momento no que a taxa de abandono haberá de ser inferior ao 15%.**



Recoñezamos que a evolución é positiva, pero non cedamos á tentación triunfalista. Queda moito camiño por percorrer ata que a porcentaxe de Galicia estea onde ten que estar, que é por baixo do 10%, emulando outros territorios de España e da mesma UE.


E para iso é preciso fortalecer os programas de educación escolar, con énfase nas competencias básicas de tipo profesional, e aqueloutros, de índole socio-familiar, que permiten reducir os riscos do que ocorre coa infancia fóra das aulas.

b. Repetición de curso

Se examinamos agora a taxa de repetición de curso para a educación obrigatoria en Galicia (curso 2014-2015), observamos que na EP esta era, de media, do 4%, sendo mínima a variación entre cursos. A taxa sobe notoriamente, do mesmo xeito que nas demais comunidades, na ESO, cuxa media se aproxima ao 10%, indo de máis no primeiro curso (12%) a menos (8%) no cuarto. Tamén en **Galicia, a repetición dos nenos é máis pronunciada que a das nenas para todos os cursos, sobre todo en ESO.**


GRF. 3

Evolución da taxa de abandono temperán da educación-formación (%) (2006-2º trimestre 2017)



GRF. 4


Porcentaxe de alumnado repetidor en Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. Curso 2014-15



Fonte: MECD (2017)³⁰

GRF. 5

Taxas de idoneidade nas idades de 8, 10, 12, 14 e 15 anos. Curso 2014-2015



Un dato esperanzador é a **continuidade no descenso dos repetidores entre os cursos 2008-2009 e**

2013-2014, tanto a nivel estatal como da comunidade.

Ademais, as variacións porcentuais son maiores para os cursos de ESO, é dicir, o descenso de repetidores é máis acusado nesta etapa.

Xa nos informes PISA é cuestionada a eficacia da medida de repetición de curso, advertindo que non proporcionou beneficios claros para os estudantes ou para os sistemas escolares en xeral, sendo unha forma custosa de lidar co baixo rendemento (OECD, 2014).³¹

Tamén a Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria en Galicia, fai fincapé en que a repetición debe ser unha medida de carácter excepcional que se adopte tras esgotarse o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

c. Idoneidade

Doutro lado, unha importante medida dos resultados do sistema educativo a propósito da infancia é a taxa de idoneidade, é dicir, a porcentaxe do alumnado matriculado no curso teórico correspondente á súa idade. Os datos sitúan esta taxa no caso das nenas e os nenos de Galicia, de novo, por encima da media española, tanto en EP como en ESO, a máis diso que as mulleres


presentan taxas superiores aos homes e a diferenza vai en aumento coa idade.

d. Taxa bruta de graduación en ESO

A taxa bruta de graduación en ESO, entendida como a relación entre o alumnado que termina con éxito esta etapa educativa, independentemente da súa idade, e o total da poboación da “idade teórica” de comezo do último curso (15 anos), mellorou nos últimos cursos en Galicia, alcanzando o 80,8% no curso 2014-2015.

GRF. 6

Evolución da taxa bruta de poboación que se gradúa en ESO




O MECD recoñece que aumentar a taxa de graduación en ESO é un dos obxectivos das administracións educativas, xa que, entre outros aspectos, incidiría na mellora do nivel educativo da poboación e facilitaría a transición ás etapas posobrigatorias, influíndo na redución do abandono temperán da educación e a formación.

Para mellorar estes indicadores, destacamos dous programas impulsados desde a administración autonómica. Un ten como obxectivo potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar do alumnado, é o *Programa Proa*³⁴; e outro, o *Plan Proxecta*³⁵, oríéntase a fomentar a innovación educativa nos centros.

GALICIA EN PISA

Os resultados dos nenos e nenas galegos de 15 anos no estudo PISA 2015 son moi bos nas tres áreas estudadas, pero sobre todo en Ciencias. As puntuacións sitúan a Galicia entre as comunidades autónomas con mellores resultados.

O mesmo Informe PISA 2015 tamén resalta que España se atopa entre os países co sistema educativo máis equitativo (impacto do índice social, económico e cultural) e concretamente Galicia é unha das comunidades con menor impacto do índice.



TAB. 3 Puntuacións medias dos nenos e nenas galegos en PISA 2015

	GALICIA	ESPAÑA	UE	OCDE
Comprensión lectora	509	496	494	493
Competencia matemática	494	486	493	490
Ciencias	512	493	495	493

Fonte: MECD (2016)³⁶



©UNICEF/Ajay Hirani


A PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES NON LECTIVAS

En 2012 había en Galicia, segundo datos do IGE, 208.432 nenos e nenas de entre 3 e 12 anos en centros de segundo ciclo de educación infantil ou primaria. E se atendemos á presenza deste mesmo segmento da infancia galega en actividades non lectivas, o oportuno é considerar a seguinte táboa.

TAB.4 Nenos e nenas (3-12 anos) en actividades non lectivas. Galicia. 2012

	Incidencia (%)	Número	Media horas semanais
Total de actividades non lectivas nos centros	70,4	146.783	6,9
Madrugadores	5,8	12.006	5
Comedor	40,3	84.057	5,9
Transporte	27,9	58.051	3,4
Clase de reforzo	6,1	12.769	3,2
Actividades extraescolares	35,4	73.853	2,9
Total de actividades non lectivas fóra dos centros	52,7	110.532	4
Clases particulares	17,3	36.235	3,2
Actividades extraescolares ou deportivas	45,3	95.095	3,4

■ ■ ■ Fonte: IGE. [http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1B=1&M=&COD=5927&R=9912\[12\];0\[all\]&C=2\[all\]&F=&S=1:2012&SCF=](http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1B=1&M=&COD=5927&R=9912[12];0[all]&C=2[all]&F=&S=1:2012&SCF=)



O que sabemos é que a porcentaxe de nenos e nenas (3-12) que participan en **actividades non lectivas nos propios centros educativos pasa o 70%**, destacando o servizo de comedor, as actividades extraescolares e o servizo de transporte. Así mesmo, os que participan en **actividades non lectivas que se realizan fóra dos centros alcanzaba o 52,7%**, sendo os servizos máis empregados as actividades extraescolares ou deportivas.

Os datos que mostramos indican a especial incidencia que teñen algúns servizos na calidade de vida da infancia en Galicia, sobre todo os de comedor e transporte.

TAB. 5

Alumnado usuario de servicios complementarios. Galicia. Curso 2015-16

	Comedor Escolar	Transporte Escolar	Residencia Escolar	Servizo de apertura
Educación Infantil	40.832	15.244	-	7.418
Educación Primaria	57.357	42.668	15	7.116
Educación Especial	1.065	621	136	34
Educación Secundaria Obligatoria	16.107	35.209	248	403
Bacharelato	1.524	5.421	116	-
Formación Profesional	607	1.085	350	-
TOTAL	117.492	100.248	865	14.971

■ ■ ■ Fonte: MECD (2017)³⁷

Ademais, particularmente en Galicia, deberían ampliarse e mellorarse as medidas que afectan á posibilidade dunha **conciliación efectiva**, pensando en optimizar a atención á infancia por parte dos seus proxenitores, promovendo a redución de xornada e/ou a flexibilización ou coordinación da mesma entre os membros da parella, e sen deixar de insistir en iniciativas que favorezan un **maior equilibrio de xénero** respecto diso. Para mostra un botón: a incidencia da redución de xornada era fai tres anos dun 5,2% nos homes e dun 17,5% nas mulleres, a propósito dos 30.132 traballadores/as que fixeron uso dese dereito. Na práctica, 3 de cada 4 persoas que o solicitan son mulleres.

En definitiva, a atención e o coidado educativo da infancia en Galicia non é só unha cuestión de política educativa, senón tamén de políticas sociais firmes na defensa real dos alicerces básicos do Estado do Benestar. Con maior ou menor efectividade, o sistema educativo cumpre o seu papel ao servizo da infancia. Pero é unha inxenuidade pedirlle que o arranxe todo, especialmente cando se trata de resolver en positivo o efecto da desigualdade no logro escolar.

O coidado educativo da infancia aumenta a súa visibilidade cando tamén se buscan solucións fóra da escola. E onde facelo senón na familia? Nada é fácil á hora de promover máis capital cultural nos pais. De aí que avogemos por un plan de educación familiar en serio, co seu epicentro situado no **desenvolvemento da parentalidade positiva**, cos medios suficientes, e acordado coas autoridades locais, por ser estas unha referencia de funcionalidade sobre o terreo.

É importante que os nenos e nenas de 0-3 anos vaian á escola para socializar cos demais

MAURO
16 ANOS

O GASTO PÚBLICO EN EDUCACIÓN

Dende o comezo da crise, e ata o ano 2014, observouse un **decrecemento continuado do gasto público en educación non universitaria**, tendencia que parece revertirse lixeiramente no ano 2015.

Os últimos datos de distribución do **gasto público** en educación (2015) arrojan un total para Galicia de **2.280,1 millóns de euros**, que se destinan de forma maioritaria (75,8%) á educación non universitaria, distribuíndose o resto para a universitaria (23,3%) e para bolsas e axudas (0,9%). A maior parte dese orzamento dedícase ao capítulo 1, é dicir, os gastos de persoal.

Concretamente, **Galicia pasou de gastar 6.241€ por alumno en centros públicos no ano 2014 a 6.460€ en 2015**, moi por encima da media nacional para ese mesmo ano (5.436). Isto, ademais da decisión política, ten que ver coa dispersión do alumnado e as economías de escala que se producen noutras rexións.

Podemos destacar que este gasto só é superado por País Vasco (8.973), Navarra (6.951), Principado de Asturias (6.679) e Cantabria (6.595).


É necesario seguir aumentando os recursos económicos destinados á educación co fin de **garantir a equidade e a calidade en todos os niveis do sistema educativo**. Nunha primeira fase deberían recuperarse os niveis de investimento en educación non universitaria de 2009: 2.004.193€

Cambiaríamos a actual lei educativa (LOMCE), dado que o sistema por estándares, as horas asignadas ás materias e a temperá idade á que se debe escoller a que rama se quere pertencer, dificultan a vida do estudante

Conclusión do Consello de Participación Infantil de Castrelo de Miño

GRF. 7


Evolución do gasto público en educación non universitaria (2009-2015)



Fonte: MECD. <https://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/estadisticas/educacion/recursos-economicos/gasto-publico/series.html>

GRF. 8

Gasto público por alumno en ensinos non universitarios (€) (2014-2015)



Fonte: MECD (2018)³⁸

*Os alumnos
que repiten curso
non van obter
ningún beneficio
porque non van
estudar igual que
o ano anterior*

IVÁN
15 ANOS

*Estou
satisfeita co sistema
educativo porque nos ofrece
unha base bastante completa
á hora de buscar unha saída
laboral. Ao ser gratuíto unha
gran parte da poboación pode
acceder a el e é positiva
tamén a incorporación
das TIC*

FANNY
15 ANOS



3

O DIREITO À SAÚDE

Cristina Varela Portela

► *Universidade de Santiago de Compostela*

INTRODUCCIÓN

Na Constitución española de 1978 (art. 39.4) deféndese que os nenos e nenas gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que velan polos seus dereitos.

Seguindo este precepto, a nivel internacional, a Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN) de 1989 fai referencia á saúde no seu artigo 24 cando sinala que os Estados parte recoñecen **os dereitos dos nenos e nenas a gozar do máis alto nivel posible de saúde e a servizos para o tratamento das enfermidades e a rehabilitación da saúde**, esforzándose por asegurar que ningún sexa privado do seu dereito ao goce deses servizos sanitarios. Así mesmo, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea recoñece que **a infancia ten dereito á protección e aos coidados necesarios para o seu benestar**.

Os estados teñen a obrigaón de garantir na máxima medida posible a supervivencia e desenvolvemento da infancia, recoñecendo plenamente o dereito á saúde, a

servizos para o tratamento das enfermidades que lle afectan e á súa rehabilitación en caso de ser necesario.

Dende o ámbito estatal tamén se regulan os dereitos da infancia con respecto á saúde; especificamente na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, recentemente modificada pola Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. Nela recálcase que (art. 3):

Os menores de idade gozarán dos dereitos que lles recoñece a Constitución e os Tratados Internacionais dos que España sexa parte, especialmente a Convención sobre os Dereitos do Neno de Nacións Unidas e a Convención de Dereitos das Persoas con Discapacidade, e dos demais dereitos garantidos no ordenamento xurídico, sen discriminación algunha por razón de nacemento, nacionalidade, raza, sexo, discapacidade ou enfermidade, relixión, lingua, cultura, opinión ou calquera outra circunstancia persoal, familiar ou social.



©UNICEF/Ajay Hirani

ACCESO Á SANIDADE

A Lei que regula a sanidade pública en España é a Lei Orgánica 3/1986, do 14 de abril, de Medidas Especiais en Materia de Saúde Pública, que establece no seu artigo 1:

“Son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional”.

Neste sentido, e reforzando a protección da saúde dos menores estranxeiros, a Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social sinala que **os estranxeiros menores de dezaioito anos recibirán asistencia sanitaria nas mesmas condicións que os españois.**

Ademais, en materia de infancia, o Real Decreto 576/2013, do 26 de xullo, polo que se establecen os requisitos básicos do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria a persoas que non teñan a condición de aseguradas nin de beneficiarias do Sistema Nacional de Saúde (SNS), e modifícase o Real Decreto 1192/2012, do 3 de agosto, engade unha Disposición adicional oitava coa seguinte redacción:

Os estranxeiros menores de dezaioito anos non rexistrados nin autorizados como residentes en España aos que se refire o artigo 3º da Lei 16/2003, do 28 de maio, terán dereito á asistencia sanitaria pública polo Sistema Nacional de Saúde coa mesma extensión recoñecida ás persoas que ostentan a condición de aseguradas, sendo o tipo de achega do usuario para as prestacións da carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde que a esixan o correspondente aos asegurados en activo.

A competencia sanitaria está transferida ás comunidades autónomas. En Galicia establécense os criterios polos cales os menores de idade terían cobertura sanitaria na Instrución do 31 de agosto de 2012, sobre a prestación de asistencia sanitaria en Galicia ás persoas que non teñen a condición de asegurado ou de benefi-

ciario recoñecida polo INSS ou, no seu caso, polo Instituto Social da Mariña. Así mesmo, a Instrución Segunda sobre o acceso á asistencia sanitaria e as prestacións complementarias sinala que

“Os estranxeiros menores de 18 anos recibirán asistencia sanitaria nas mesmas condicións que os galegos”.

Nun informe da organización Médicos do Mundo no que se avalía o acceso das persoas inmigrantes aos servizos de saúde en Galicia reclámase, entre outras medidas, que dende a administración se respecte o **dereito da infancia para recibir asistencia sanitaria pública, gratuíta e de calidade, con independencia da súa situación administrativa**³⁹.

Aínda que na lexislación se contempla este dereito, Médicos do Mundo⁴⁰ recolle testemuños da denegación desta atención e recoñecemento da cobertura sanitaria ata que se presenta a documentación requirida. Esta organización sinala que **Galicia é a comunidade autónoma na que se detectan máis vulneracións do dereito sanitario**. Por iso, expónse unha serie de medidas que van na liña de examinar e fortalecer as leis para eliminar esta discriminación.



©UNICEF/Ajay Hirani


OBESIDADE

As alarmantes proporcións que está a tomar a obesidade infantil supoñen un problema grave que se debe abordar con urxencia, xa que pode afectar á saúde inmediata dos nenos e nenas, así como ao nivel educativo que poden alcanzar e á súa calidade de vida⁴¹.




Seguindo os datos proporcionados pola Enquisa Nacional de Saúde de España (ENSE), **Galicia está por encima da media española en sobrepeso e obesidade. O 34,6% dos nenos e nenas teñen obesidade ou sobrepeso**, ocupando o segundo posto entre as comunidades autónomas, sendo superada unicamente por Illas Baleares (35,5%). Se analizamos estes datos en función do sexo, mentres a nivel estatal os resulta-

dos son homoxéneos, a nivel autonómico os homes están practicamente 7 puntos porcentuais por encima das mulleres (37,8%, fronte ao 31,1%).



Ademais, conséntase un aumento importante deste fenómeno, xa que no ano 2006 a porcentaxe de obesidade entre os nenos galegos era do 5,2%, e o de sobrepeso do 19,8%.



Coa finalidade de poder revertir esta situación, dende a *Consellería de Sanidade* creouse en 2014 o *Plan Xermola, Plan para a prevención da obesidade infantil en Galicia*⁴³, que analiza os factores que inflúen neste fenómeno e os riscos que supón para a poboación infantil, establecendo distintas estratexias de intervención.

TAB. 1 Porcentaxe de nenos e nenas de 2 a 17 anos con obesidade ou sobrepeso (2011-2012)



■ ■ ■ Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (MSSSI). Enquisa Nacional de Saude de España (ENSE), 2011-2012.⁴²

SUBSTANCIAS NOCIVAS

O consumo de **alcohol** entre a poboación nova é moi elevado e, aínda que minoritario, é moi relevante a porcentaxe de mozos que consomen **cannabis**. No caso do alcohol a proporción de consumidores nos últimos 30 días é dun 68,2% en España e dun 65,4% en Galicia, mentres que o cannabis pasa do 18,6% ao 16,4%.

Os riscos e danos producidos por estas substancias expoñen a necesidade de que dende a Administración Pública se promovan políticas sociais que vaian na liña de diminuír o seu consumo. **A Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024**, aprobada polo Consello de Ministros o 9 de Febreiro de 2018, concreta dúas metas a seguir neste período de tempo: preténdese, por unha banda, unha sociedade máis saudable e informada —cuxas áreas de actuación son a prevención e redución do risco, a atención integral e multidisciplinar, a redución de danos e a incorporación social— e, por outra, unha sociedade máis segura, centrándose na redución e control da oferta, revisión normativa e cooperación xudicial e policial.

Dende a *European School Survey Project on Alcohol and other Drugs (ESPAD)* advírtese que, a nivel europeo, a tendencia nos niveis de consumo na infancia é descendente nos últimos anos⁴⁴, afirmación que se ratifica no noso país se temos en conta os datos recollidos no Informe *Juventud en España*⁴⁵ onde as cifras se estabilizan a partir do ano 2004.

Un estudo realizado polo Valedor do Pobo e a Universidade de Santiago de Compostela en 2015⁴⁶ establece nun **44,2%** a porcentaxe de **nenos e nenas galegos de 14 a 18 anos** que declaran consumir alcohol durante os últimos 30 días e nun **11,9%** o consumo de **cannabis**.





FIG. 1 Porcentaxe de nenos e nenas de 14 a 18 anos que declaran consumir alcohol e cannabis durante os últimos 30 días (2014)

Fonte: MSSSI. Enquisa sobre uso de drogas en ensinos secundarios en España 2014-2015⁴⁷.



SAÚDE MENTAL

TAB.2

Medias das puntuacións dos cuestionarios SDQ⁴⁸

	España	Galicia
SDQ TDS	8,5	8,8
Trastornos emocionais	1,8	2
Trastornos de conduta	1,7	1,7
Hiperactividade	4	3,8
Problemas con compañeiros	1,1	1,3
Conduta prosocial	8,9	8,8

■ ■ ■ Fonte: MSSSI. Saúde Mental e Calidade de Vida na Poboación de 4 a 14 anos, 2011-2012. ⁴⁹

En 2009 o Parlamento Europeo asumiu as propostas da Declaración de Helsinqui⁵⁰ e do Pacto Europeo pola Saúde Mental e o Benestar (Resolución 2008/22009. Informe A6-0034/2009), que definiu a promoción da saúde mental e o benestar de nenos e mozos como unha das áreas prioritarias.

Na ENSE 2011/12, a partir do cuestionario de capacidades e dificultades (*Strengths and Difficulties Questionnaire*) pódese observar que **os datos de Galicia son máis altos no que se refire a trastornos emocionais e problemas con compañeiros**, o que indica menor saúde mental. Con todo, cando falamos de **hiperactividade** os resultados revértense, gozando de **maior saúde en Galicia**. Nesta liña, a conduta prosocial presenta mellores datos en España.

Penso que os nenos, nenas e adolescentes de Galicia teñen problemas psicolóxicos, dos que o resto non se dan conta.

NEREA
16 ANOS



©UNICEF/Ajay Hirani

CALIDADE DE VIDA

A calidade de vida relacionada coa saúde⁵¹, avaliada co KIDSCREEN-10⁵² en poboación de 8-14 anos, sitúase en 87,9 puntos sobre 100 no conxunto de España, nivel comparable co dos países europeos con mellores indicadores de saúde infantil. O rango de puntuacións varía entre 0, a peor calidade de vida posible, e 100, a mellor calidade de vida posible.

Con todo, segundo esta enquisa, Galicia ocupa o segundo posto máis baixo entre as diferentes comunidades autónomas (media de 83,4), sendo superada unicamente por Ceuta (cunha media de 82,7), o que supón que **na nosa comunidade a calidade de vida relacionada coa saúde é menor que na maior parte das comunidades.**

TAB. 3

Calidade de vida relacionada coa saúde en poboación infantil. Poboación de 8 a 14 anos. ENSE 2011/12

	Galicia		España		Media		Desviación típica	
								
Media	83,4		82,9		83,9		87,9	
Desviación típica	9,3		9,6		8,9		10,2	

■ ■ ■ Fonte: MSSSI. ENSE, 2011-2012⁵³

ENFERMIDADES

A enfermidade crónica prevalente na poboación de 0 a 14 anos é a **alerxia**, que afecta ao 10,6% da poboación en Galicia e ao 10% en España, seguida da **asma**, que alcanza ao 5,8% nesta comunidade e ao 5,2% do total.

En función do xénero, fronte á homoxeneidade da comunidade galega, nos datos nacionais observamos que a alerxia crónica prevalece nos homes, cun 11,9% fronte a un 8,1%. Así mesmo, os trastornos de conduta tamén presentan diferenzas significativas: a nivel nacional a diferenza é de 1,6 e a nivel autonómico de 3,7 puntos, sendo os homes os que predominan en ambos os casos.

TAB. 4

Problemas ou enfermidades crónicas ou de longa evolución padecidas nos últimos 12 meses e diagnosticadas por un médico en poboación infantil. Pob. 0 a 14 anos. ENSE 2011/12

	Galicia		España		Media		Desviación típica	
								
Alerxia crónica	10,6		11,0		10,1		10,0	
Asma	5,8		6,4		5,2		5,2	
Diabetes	0,0		0,0		0,0		0,1	
Tumores Malignos (inclúe leucemia e linfoma)	0,0		0,0		0,0		0,1	
Epilepsia	0,0		0,0		0,0		0,5	
Trastornos da Conduta (inclúe hiperactividade)	2,8		4,7		1,0		2,2	
Trastornos Mentais (depresión, ansiedade, etc.)	1,1		1,3		1,0		1,0	
Lesións ou defectos permanentes causados por un accidente	0,7		1,4		0,0		0,5	

■ ■ ■ Fonte: MSSSI. ENSE, 2011-2012⁵⁴

The background of the entire page is a photograph of two children, a girl and a boy, seen from behind as they look out of a large window. Outside the window, a cityscape with tall buildings is visible. To the right of the children, a large globe is partially visible, showing the Americas. The entire image has a strong blue color cast.

4

O DEREITO Á PARTICIPACIÓN

María del Carmen Gutiérrez Moar

Diana Priegue Caamaño

► *Universidade de Santiago de Compostela*

Marta Andrade Blanco

► *UNICEF Comité Español*



INTRODUCCIÓN

A visibilización dos dereitos e deberes da infancia e a adolescencia constitúe un valor esencial nunha comunidade que promove o compromiso da cidadanía co desenvolvemento integral das presentes e futuras xeracións, proceso no que o exercicio da participación constitúe un elemento clave.

Partimos, por tanto, de que a defensa dunha educación para a cidadanía responsable cos dereitos da infancia e a adolescencia require necesariamente non demorar ata a vida adulta os espazos e as oportunidades para participar, senón que debe exercitarse desde idades temperás, para que nenos, nenas e adolescentes exerzan o seu dereito á participación.

Tal e como se recolle no artigo 12 da Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno (CDN), aprobada en 1989:

“É responsabilidade dos Estados garantir o dereito das nenas, nenos e adolescentes a expresar libremente a súa opinión en todos aqueles asuntos que poidan afectarlles”.

Con todo, como veremos, case trinta anos despois, o recoñecemento legal e teórico destes dereitos non se traduciu na implementación e desenvolvemento de estratexias e mecanismos que garantan o seu exercicio.

Reparemos, antes de seguir, en que esta é unha afirmación que implica, cando menos, dúas cuestións relacionadas. Dunha parte, **a necesidade de promover o desenvolvemento de habilidades que lles permi-**

tan asumir este dereito, é dicir, formar en **valores, actitudes e normas propias** da participación. E doutra, a creación de espazos estables e constituídos formalmente que os faculden para facer uso de tal dereito, como é o caso dos **Consellos de Infancia e Adolescencia municipais**.

En Galicia, atopámonos cun avance significativo nos últimos meses coa creación de espazos municipais de participación infantil e adolescente en nove municipios da comunidade. Estes consellos municipais de participación infantil permiten aos participantes avanzar na construción de cidadanía, adquirindo **valores, aptitudes e capacidades** que lles permitirán influír no deseño e aplicación das políticas que lles afectan.

PARTICIPACIÓN INFANTIL, UNHA PRIORIDADE NAS POLÍTICAS PÚBLICAS

No ámbito das políticas públicas, o borrador da *Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia (EGIA) 2016-2020*⁵⁵ resalta a importancia da participación dos máis novos da comunidade en calquera asunto que lles afecte, dándolle a consideración de liña estratéxica e aludindo ao ámbito local como peza chave para acadar esta meta.

En febreiro de 2018, o Grupo Parlamentario *En Marea* presentou unha proposición non de lei (PNL) que promove a creación do *Consello Galego de Infancia e Adolescencia*. A proposición foi aprobada polo resto dos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia, que acordan en abril de 2018:

“Crear o Consello Galego da Infancia e a Adolescencia, como órgano participativo que canalice e represente a opinión e a experiencia dos menores galegos (...) sendo prioritaria na promoción da participación infantil: a igualdade de xénero, a situación da pobreza en Galicia e no mundo e a preocupación polo medio ambiente”.

e

"Fomentar o desenvolvemento da participación da infancia e a adolescencia en Consellos locais, de acordo coa FEGAMP, prestando especial interese ao fomento da participación de nenos e nenas con diversidade funcional en igualdade de condicións."

Ademais, o novo Pacto Galego pola Infancia, cuxa firma está prevista no primeiro trimestre de 2019, reconece a participación infantil como un eixo transversal a todas as súas medidas, **promovendo a sensibilización tanto en menores como en adultos sobre a importancia de exercer este dereito**, garantindo o dereito dos nenos e adolescentes a **opinar e a ser escoitados con estándares de calidade**, e promovendo espazos estables para a participación infantil e adolescente no ámbito municipal e autonómico.

Certamente, falamos de medidas urxentes para un contexto no que rexistramos avances lentos ata o momento. A aprobación e posterior posta en marcha destas iniciativas pode traer consigo grandes avances para fomentar a participación a nivel autonómico e local.

O ÁMBITO MUNICIPAL, CLAVE PARA A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE

Actualmente é nas políticas municipais onde se observa unha maior implantación de mecanismos dirixidos a promover a participación infantil e adolescente. O municipio é o ámbito máis próximo á cidadanía e, por tanto, a contorna ideal para que os nenos, nenas e adolescentes -como cidadáns e suxeitos de dereitos-, inicien e adquiran as capacidades necesarias para a súa participación.

Non se dispón de datos oficiais ao respecto, o que pon de manifesto a necesidade de contar con información accesible contorno á participación infantil en xeral e, en especial, no contorno local.

Podemos sinalar que en **Galicia** existen **9 municipios** que contan con **órganos estables de participación**



©UNICEF/Ajay Hirani

infantil baixo a denominación común de **Consellos Municipais de Infancia e Adolescencia**. É necesario precisar que se trata dun dato estimativo, xa que na actualidade son varios os concellos que se están iniciando nos procesos de promoción da participación infantil con estruturas aínda pouco definidas.

Nestes 9 órganos permanentes participan 141 nenos e adolescentes: 61 nenos (43,3%) e 80 nenas (56,7%). A nivel de provincias, a distribución destes consellos é a seguinte: na provincia da Coruña nos concellos de **Teo, Moeche, Carnota e Cabanas**; na provincia de **Ourense, Castrelo de Miño e Ourense**; e na provincia de **Pontevedra, Redondela, Tomiño e O Porriño**. Estes espazos de participación están adscritos a municipios que están a traballar dentro do programa **Cidades Amigas da Infancia**.

Estes espazos de participación son clave para que nenos, nenas e adolescentes expoñan propostas para mellorar a súa contorna. Por petición do *Consello de Infancia do Concello de Teo* conseguiuase a creación dunha comisión de mobilidade e estase traballando en educación non sexista no ámbito familiar e na diversidade sexual. No caso de Castrelo de Miño, os mozos do consello presentaron no seu instituto un proxecto sobre mediación escolar fronte ao *bullying*, que foi aprobado pola dirección do centro e que será implementado en próximos cursos.

Representantes do *Consello de Castrelo de Miño* foron parte do grupo impulsor do **V Encontro de Consellos de Participación Infantil e Adolescente** que tivo lugar en Oviedo do 25 ao 27 de maio de 2018. Por unha banda, os encontros estatais son un espazo bienal onde consellos de participación de todo o territorio español teñen un espazo para compartir as súas propostas, canalizadas a través dunhas conclusións, neste caso, o Manifesto de Oviedo. A proposta de temas e deseño do V Encontro foi ideado polo grupo impulsor, 20 mozos e mozas de 10 comunidades autónomas, que priorizaron os temas de educación, protección, igualdade de xénero, modelo de coidados, identidades e diversidade, redes sociais e *ciberbullying* e cambio climático.

Ademais, unha representante do Consello de Castrelo de Miño realizou, xunto a outros mozos e mozas de consellos de participación, a primeira comparecencia de

mozos e mozas no **Congreso dos Diputados**, articulada pola Comisión de Dereitos de Infancia e Adolescencia do Congreso (xaneiro de 2017), para expor neste marco parlamentario as propostas traballadas no IV Encontro de Consellos de Participación Infantil e Adolescente en Santander (2016).

Estes son tan só uns exemplos do traballo e os logros derivados da implementación estable dos Consellos Municipais de Infancia e Adolescencia en Galicia.



©UNICEF/Ajay Hirani



©UNICEF/Ajay Hirani

PROGRAMA CIDADES AMIGAS DA INFANCIA

A iniciativa **Cidades Amigas da Infancia** liderada por UNICEF Comité Español desde 2001, ten como obxectivo promover o compromiso real dos gobernos locais cos dereitos da infancia nos seus municipios. Para iso, impulsa o desenvolvemento de políticas locais de infancia baseadas na Convención sobre os Dereitos do Neno, o exercicio real do dereito á participación e a creación e consolidación de alianzas. Desta forma, os gobernos locais traballan para conseguir resultados relacionados con:

- Cada neno e nena é valorado, respectado e tratado xustamente dentro das súas comunidades;
- As voces, necesidades e prioridades de cada neno e nena escóitanse e considéranse nas normativas e políticas públicas, nos orzamentos e en todas as decisións que lles afectan;
- Todos os nenos e nenas teñen acceso a servizos esenciais de calidade;
- Todos os nenos e nenas viven en contornas seguras e limpas;
- Todos os nenos e nenas teñen a oportunidade de

gozar da vida familiar, o xogo e o lecer.

Cada dous anos recoñécese o labor dos gobernos locais a favor dos dereitos da infancia, outorgando aos municipios que cumpren os requisitos establecidos o **Selo de Cidade Amiga da Infancia**.

Unha das condicións para que unha cidade sexa recoñecida co selo é a posta en marcha de accións a favor da **participación cidadá dos nenos**, facilitando órganos e procedementos para ese efecto, de modo que as súas voces poidan ser escoitadas e tidas en conta nas decisións de goberno.

Outro dos puntos fundamentais do programa é a elaboración de **plans municipais de infancia e adolescencia** orientados á consecución de resultados que dean resposta ás necesidades e dereitos dos nenos no municipio. Estes plans deben desenvolver os obxectivos, metas, indicadores, estratexias, accións, recursos, sistemas de seguimento, implementación e avaliación, e orzamento que o goberno local poñerá en marcha para garantir a promoción, provisión e protección dos dereitos da infancia.

Castrelo de Miño (Ourense) converteuse en 2016 no

primeiro municipio galego que obtivo o recoñecemento do selo Cidade Amiga da Infancia. Este pequeno municipio da provincia de Ourense, ademais de dispor dun Plan de Infancia e Adolescencia no que se aposta polas políticas de infancia e adolescencia a nivel local, ten en conta no deseño das actuacións que levan a cabo desde o Concello, os acordos que se derivan do Consello Infantil municipal.

Outro exemplo é o Concello de Ourense que, para a elaboración do seu I Plan de Infancia e Adolescencia, realizou un diagnóstico para coñecer a opinión da cidadanía e, a partir del, construír unha cidade máis habitable. Para iso deseñáronse cuestionarios, dirixidos tanto a entidades e adultos como a nenos, nenas e adolescentes, e desenvolvéronse varias xornadas de traballo con diferentes asociacións e entidades da cidade.

Actualmente, outros seis municipios están a traballar na elaboración e posta en marcha de plans municipais de infancia e adolescencia, polo que se fai cada vez máis necesario promover ferramentas tanto a nivel autonómico como local que axuden aos concellos a implementar e sistematizar estas políticas.

É o caso do acordo de colaboración asinado o 5 de novembro de 2018 entre a *Consellería de Política Social da Xunta de Galicia*, a *Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)* e UNICEF Comité Español. O convenio ten como obxectivo poñer en marcha e desenvolver accións de difusión, formación e promoción da iniciativa Cidades Amigas da Infancia que contribúan a implantar e promulgar, entre os municipios de Galicia, políticas públicas municipais eficaces que garantan o desenvolvemento integral da infancia cun enfoque de dereitos.



©UNICEF/Castrelo de Miño

Recoñecementos Cidades Amigas da Infancia 2018-2020

O pasado 26 de outubro os seguintes gobernos locais obtiveron o recoñecemento Cidades Amigas da Infancia para o período 2018-2020 en Galicia: Cabanas, Carnota, Moeche, Ourense, Porriño, Redondela, Teo e Tomiño.

No IX Certame de Boas Prácticas, cuxo obxectivo principal é levar a cabo accións centradas na Convención sobre os Dereitos do Neno e dirixidos a impulsar o benestar da infancia e a adolescencia, fallouse a favor dos concellos da Coruña e A Laracha.



5

O DEREITO Á PROTECCIÓN

María del Mar Lorenzo Moledo

► *Universidade de Santiago de Compostela*

Almudena Olaguibel Echeverría-Torres

► *UNICEF Comité Español*



VIOLENCIA E ABUSOS CONTRA A INFANCIA

A Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN) establece a obrigaón dos Estados de protexer aos nenos e nenas fronte a todo tipo de abuso, violencia ou explotación.

A infancia sofre distintos tipos de violencia e abusos, en moitas ocasións nos lugares máis cotiáns da súa vida e demasiadas veces a mans de quen debería protexela.

Abusos sexuais, abandono, malos tratos, acoso escolar, cyberbullying, trata... son unha realidade para moitos nenos e nenas en todo o mundo. É moi difícil obter datos fiables sobre a magnitude deste problema; adoita ocorrer no ámbito privado, existen moitos tabús que impiden que os feitos saian á luz, e é bastante improbable que os propios nenos levanten a voz e pidan axuda. Os datos oficiais que podemos atopar reflicten unha parte moi pequena do problema, son a punta do iceberg, pois refírense a feitos denunciados, xulgados ou atendidos pola Administración.

Así, se nos referimos a delitos, contamos cos datos do Ministerio do Interior sobre feitos denunciados.

Segundo as súas estatísticas, **no ano 2016 en España interpuxéronse 37.495 denuncias por delitos cometidos contra menores de idade, das que 1.595 (4,2%) corresponden a Galicia.**

Outras fontes de datos cos que contar neste ámbito son os do Observatorio da Infancia (dependente do MSSSI), así como os dos teléfonos e liñas de axuda ao menor.


a. Malos tratos e violencia no ámbito familiar

No ano 2016, 90 nenos e 193 nenas foron vítimas do delito de violencia no ámbito familiar en Galicia

segundo datos do Ministerio do Interior. Se atendemos á idade, 125 tiñan entre 0 e 13 anos, 65 entre 14 e 15, e 93 contaban con 16 ou 17 anos. Na seguinte gráfica podemos observar un acusado aumento deste delito nos últimos anos. Isto pode ter a súa explicación nunha maior conciencia da problemática e, por tanto, nun aumento das denuncias.


GRF. 1

Evolución da poboación menor de 18 anos vítima de violencia familiar (2008-2016)



GRF. 2

Evolución da poboación menor de 18 anos vítima de delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual (2008-2016)



Doutra banda, o Observatorio da Infancia, consciente das dificultades de detectar as diferentes situacións de abusos e malos tratos que se poden dar no contorno familiar, elaborou o *Protocolo básico de intervención*

contra o maltrato infantil no ámbito familiar⁵⁸-xa visto no apartado 1 sobre Políticas de Infancia-, co obxectivo de promover a coordinación interinstitucional para mellorar a atención aos menores de idade vítimas de:

“calquera acción (física, sexual ou emocional) ou omisión non accidental no trato cara a un menor, por parte dos seus pais ou cuidadores, que lle ocasiona dano físico ou psicolóxico e que ameaza o seu desenvolvemento tanto físico como psicolóxico” (p. 23).

Este Protocolo tamén prevé a creación do Rexistro Unificado de Malos tratos Infantís, que recolle as sospeitas de posibles malos tratos por parte dos profesionais sanitarios, de servizos sociais, do ámbito educativo e dos corpos policiais. Son eles quen comunican estas situacións a través das Follas de Notificación de Sospeita de Malos tratos Infantís, polo que a efectividade deste Rexistro a nivel nacional depende da utilización que desde estes sectores se faga destas notificacións.

Segundo este Rexistro, no ano 2015 recibíronse 5 notificacións de Galicia e ningunha no ano 2016⁵⁹.

Parece evidente, por tanto, que **é necesario fomentar o coñecemento e a utilización deste Protocolo e as súas correspondentes Follas de Notificación.**

Os teléfonos de atención e apoio á infancia tamén axudan na detección de tendencias e preocupacións dos menores de idade, aínda que non se poden considerar unha fonte exhaustiva de información sobre o panorama xeral da situación da infancia. Así, segundo datos da *Consellería de Política Social*, en 2016, recibíronse a través da *Liña de axuda á infancia* 137 chamadas de comunicación/sospeita de malos tratos. Destas, 21 foron consideradas como graves, 62 moderadas e 54 leves.⁶⁰

b. Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual

Aquí quedan englobados delitos como o **abuso** e a **agresión sexual**, a **pornografía**, a **explotación sexual**, o **exhibicionismo** e a **corrupción** de menores. En Galicia, 46 nenos e 193 nenas foron vítimas dalgún destes delitos en 2016. O colectivo que máis sufriu estes abusos foron as nenas de entre 0 e 13 anos⁶¹.

Se observamos o total de vítimas destes delitos na nosa comunidade (456), vemos que as vítimas menores de 18 anos representan o 52,4%, o que indica que os nenos e nenas sofren en moita maior medida atentados contra a súa liberdade e indemnidade sexual. A nivel nacional ocorre algo parecido, xa que o 50,1% de todas as vítimas son menores de idade.

Chama tamén a atención o aumento destes delitos nos últimos anos, que pode responder máis que a un maior número de feitos cometidos a unha maior conciencia e, por tanto, a un incremento de denuncias.

Hai dous anos tiven un problema serio cun compañeiro. Primeiro recorrín a amigos que me axudaron a levalo a profesores e orientador. Tentei solucionar o no centro sen involucrar á miña contorna familiar pero a situación empeorou. Despois dun tempo todo se solucionou e estou moi contenta de usar a vía responsable e sincera

LAURA
15 ANOS

XUSTIZA PENAL XUVENIL


A CDN tamén se ocupa das condicións dos nenos e nenas en conflito coa lei. Así, prohibe a imposición da pena capital e a prisión perpetua por delitos cometidos por menores de idade (art. 37). Do mesmo xeito, establece que:

“Ningún neno será privado da súa liberdade ilegal ou arbitrariamente. A detención, o encarceramento ou a prisión dun neno levarase a cabo de conformidade coa lei e utilizarase tan só como medida de último recurso e durante o período máis breve que proceda”.

O Comité dos Dereitos do Neno⁶², órgano que vixía o cumprimento da CDN por parte dos Estados tamén se manifestou sobre a resposta penal ante os delitos cometidos por menores de idade:

Os nenos diferéncianse dos adultos tanto no seu desenvolvemento físico e psicolóxico como polas súas necesidades emocionais e educativas. Esas diferenzas constitúen a base da menor culpabilidade dos nenos que teñen conflitos coa xustiza. Estas e outras diferenzas xustifican a existencia dun sistema separado de xustiza de menores e fan necesario dar un trato diferente aos nenos. A protección do interese superior do neno significa, por exemplo, que os tradicionais obxectivos da xustiza penal, a saber, represión/castigo, deben ser substituídos polos de rehabilitación e xustiza restitutiva cando se trate de menores delinquentes.

En España, a lei que regula a resposta penal para os maiores de 14 anos e menores de 18 é a Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro. A lei faise eco das disposicións e directrices internacionais, ao establecer que a súa resposta ten “un carácter primordial de intervención educativa”. Desde a súa promulgación sufriu algunhas modificacións -dirixidas ao endurecemento das penas-, provocadas pola alarma social ante algúns feitos moi mediáticos cometidos por menores de idade.



A nivel nacional, a criminalidade xuvenil leva unha liña descendente desde hai uns anos, sobre todo nos delitos máis graves, mentres que outros se manteñen constantes ou lixeiramente en alza.

En Galicia, segundo consta no *Boletín de Medidas Xudiciais*⁶³ da Consellería de Política Social, os delitos máis comúns cometidos por menores de idade en 2016 foron: os **furtos**, as **lesións**, a **violencia de xénero ou doméstica**, o **roubo con violencia** ou **intimidación**, o **roubo con forza** e as **ameazas**.

Atendendo ás medidas que se impuxeron a menores de idade infractores (por parte dos xuíces de menores e que teñen que aplicar as comunidades autónomas), constátase un descenso do número de casos, tendencia que se mantén no tempo. Así, **en 2016 impuxéronse 750 medidas que afectaron a 392 menores (86 rapazas y 306 rapaces)**.

A maioría das medidas (615) foron de medio aberto, comprendéndose nesta categoría a liberdade vixiada, asistencia a centro de día, amoestación, tratamento ambulatorio ou a realización de tarefas socioeducativas, entre outras. Pola súa banda, impuxéronse **135 medidas de internamento**, que pode ser en réxime aberto, pechado ou semiaberto. Galicia conta neste momento con 125 prazas en centros de internamento para menores infractores.

TAB. 1 Evolución das medidas impostas a menores infractores (2011-2016)

Ano	Nº de medidas	Diminución respecto ao ano anterior
2011	1.514	0,9%
2012	1.394	7,9%
2013	1.216	12,8%
2014	1.041	14,4%
2015	1.003	3,7%
2016	750	25,2%

ACOLLEMENTO

A CDN establece que a crianza dos nenos é responsabilidade primordial de pais e nais, á vez que dispón que é deber do Estado brindar a asistencia necesaria no desempeño das súas funcións. Sen menoscabo do anterior, a CDN tamén establece a **obligación dos Estados de proporcionar coidados alternativos fronte á inexistencia dun ambiente familiar de estabilidade e benestar cando as medidas de apoio á familia fracasaron.**

En España, a lei que regula o sistema de protección para os nenos e nenas é a Lei Orgánica de Protección Xurídica do Menor de 1996, reformada no ano 2015 para dar unha mellor resposta á realidade actual.

Ante unha situación de desamparo dun neno ou nena, ou cando as circunstancias aconsellen separalo da súa familia, a administración pública competente en cada comunidade autónoma establece unha medida de acollemento. En Galicia, a administración competente nesta materia é a *Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica*.

As modalidades de acollemento no noso país son a residencial, que se desenvolve en centros ou fogares de convivencia, e a familiar, onde o neno/nena vive con algún membro da súa familia extensa ou nunha familia allea que se ofrece a coidalo. A reforma do ano 2015 prohibe o acollemento residencial para menores de 3 anos, salvo supostos excepcionais, e establece que se tentará evitar para os nenos e nenas de entre 3 e 6 anos.

No primeiro semestre de 2017 UNICEF Comité Español levou a cabo unha investigación sobre o acollemento en nove comunidades autónomas. Os datos e conclusións que en diante se expoñen forman parte desta análise⁶⁴.

Segundo os últimos datos dispoñibles, **a 31 de decembro de 2016 había 1.453 nenos, nenas e adolescentes nalgunha medida de acollemento en Galicia**, dos cales 589 (40,5%) se atopaban en acollemento residencial e 864 (59,5%) en acollemento familiar.

a. Acollemento residencial

Aínda que o grupo maioritario en acollemento residencial está composto polos adolescentes de entre 15 e 17 anos, aínda hai en Galicia 104 nenos e nenas menores de 6 anos vivindo en centros residenciais.

O sistema dispón de **54 centros residenciais, cun total de 622 prazas**. Ademais, existen outros recursos de apoio ao acollemento residencial, como o Programa de Integración Familiar (xestionado pola *Fundación Meniños*), o Programa de Avaliación e Tratamento Terapéutico en menores de idade en situación de risco de desamparo, e o Programa de Inserción sociolaboral MENTOR (Igaxes).

b. Acollemento familiar

Dos 864 nenos e nenas en acollemento familiar, 664 (o 76,9%) están en familia extensa, e 200 (23,1%) en familia allea. **Galicia dispón de programas de apoio ao acollemento familiar, consistentes en formación, asesoramento, intervención psicosocial e actuacións de mediación.**

Nesta análise identificáronse algunhas debilidades, compartidas na súa maior parte polos sistemas de protección doutras comunidades autónomas. É certo que, a nivel nacional, non parece existir unha aposta política e orzamentaria pola protección da infancia. Isto tradúcese en contratos precarios aos profesionais, aumento das ratios e falta de recursos formativos e de apoio.

Percíbese ademais un aumento na complexidade dos perfís que chegan ao sistema: nenos con graves problemas de conduta, adicións, saúde mental, violencia filio-parental e, con todo, non se conta con recursos para atender estas necesidades específicas. Ademais, é preocupante o alto nivel de fracaso escolar dos nenos e nenas en acollemento, así como a falta de oportunidades e apoios cando cumpren a maioría de idade. **No caso concreto de Galicia, en xeral percíbese unha falta de actualización dos modelos e protocolos que guíen o labor dos educadores, así como de formación específica para os profesionais.** Esta actualización dos modelos sería necesaria para abandonar castigos que implican violencia emocional, así como para que os profesionais se sintan máis apoiados e supervisados nas súas tarefas.

TAB. 2 Menores de idade en acollemento residencial en Galicia (2016)

Grupo de idade	Nº acollementos			
0-3	58	9,8%	28 8,7%	30 11,3%
4-6	46	7,8%	31 9,6%	15 5,6%
7-10	115	19,5%	69 21,4%	46 17,3%
11-14	177	30,0%	93 28,8%	84 31,6%
15-17	193	32,8%	102 31,6%	91 34,2%
Total	589	40,5%	323 54,8%	266 45,2%

Fonte: Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.⁶⁵

TAB. 3 Menores de idade en acollemento familiar en Galicia (2016)

Grupo de idade	Nº acollementos			
0-3	96	11,1%	56 12,6%	40 9,5%
4-6	148	17,1%	66 14,9%	82 19,5%
7-10	244	28,3%	126 28,4%	118 28,0%
11-14	271	31,4%	148 33,4%	123 29,2%
15-17	105	12,2%	47 10,6%	58 13,8%
Total	864	59,5%	443 51,8%	421 48,7%

Fonte: Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.⁶⁶

A existencia en Galicia de centros de grandes dimensións dificulta conseguir un ambiente cálido e protector, tan necesario para estes nenos, así como unha atención máis individual e a sensación de vivir nun fogar. Existe así mesmo unha gran disparidade entre territorios e entre modelos de xestión. Isto conséntase tanto nos centros residenciais (diferenzas na calidade das instalacións e nas condicións laborais dos equipos) como nos apoios e axudas ás familias acolledoras.

Doutra banda, detectáronse varias **fortalezas** na investigación sobre o sistema de acollemento en Galicia. Entre elas, a **calidade humana e a implicación dos equipos**, o papel das entidades do terceiro sector como impulsoras de procesos de mellora e **innovación técnica**, e o **traballo conxunto** e coordinado nalgúns territorios.

Nenas, nenos e adolescentes estranxeiros non acompañados

As nenas, nenos e adolescentes estranxeiros non acompañados constitúen un colectivo especialmente vulnerable dentro deste ámbito. Estímase que Galicia unicamente tutela ao redor do 1% dos nenos e nenas que se atopan nesta situación en España. Ante unha cifra que non deixa de medrar, a gravidade do asunto reside nas importantes lagoas que presentan os sistemas de acollida e protección en relación ás necesidades e dereitos da infancia. A descrita situación que afecta a estes nenos e nenas evidencia a urxencia dunha actuación coordinada e efectiva por parte das Administracións Públicas autonómicas na que se garanta sempre o interese superior do menor.



6

POBREZA INFANTIL E EXCLUSIÓN SOCIAL

José Antonio Caride Gómez

Rita Gradaílle Pernas

► *Universidade de Santiago de Compostela*



©UNICEF/Ajay Hirani

INTRODUCCIÓN

Nas súas acepcións máis convencionais, a pobreza e a exclusión dan nome a dúas das circunstancias máis visibles da vulneración cotiá dos dereitos humanos, poñendo de relevo o impacto que as desigualdades sociais provocan en quen carece e/ou non pode acceder aos recursos que precisan para satisfacer as súas necesidades máis básicas.

Así o veñen expresando desde hai décadas amplos sectores da sociedade civil, aos que se sumaron -especialmente a partir dos primeiros anos da década de 1990- distintos organismos internacionais, invocando a urxencia de dar resposta ao desafío que supón afrontar, sen máis escusas, un problema global-local de enormes dimensións: **máis de 836 millóns de persoas viven en condicións de “pobreza extrema” (con menos de 1,90\$ por día)**, a pesar dos avances que se rexistraron nos últimos anos segundo os datos que contén o *Informe de Nacións Unidas sobre os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio de 2015*⁶⁷.

A metade das persoas máis pobres do mundo son nenos e nenas, reproducindo e/ou perpetuando as desigualdades que os acompañarán -dun modo ou outro- ao longo de toda a súa vida. Tamén nos países máis ricos, onde se se toman como referencia os niveis previos á crise financeira de 2008, as taxas de pobreza infantil aumentaron significativamente, nalgúns casos por encima do 50% (UNICEF)⁶⁸: na maioría dos países da Unión Europea, a proporción de nenos en situación de pobreza é superior á dos adultos, sempre con porcentaxes que exceden ao 21% da poboación en cada segmento de idade.

A preocupación polo que esta situación comporta trasladouse a distintas recomendacións da Comisión Europea, instando aos Estados membros a que sitúen entre as súas prioridades combater a pobreza infantil, garantindo unha rede básica de protección ás súas familias e aos contextos nos que inscriben a súa vida; unhas recomendacións que se ratifican nas Observacións Finais do Comité dos Dereitos do Neno a España

en febreiro de 2018⁶⁹. Aínda que as súas realidades ofrecen magnitudes absolutas e relativas que deben ser interpretadas diferencialmente, non pode obviarse que as evidencias científicas comparten un denominador común: **a pobreza e a exclusión social marcan -con frecuencia dun modo decisivo e irreversible- o desenvolvemento cognitivo, condutual e emocional da infancia, ademais de afectar á súa saúde física e ás súas oportunidades de interacción psicosocial.**

A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL EN CIFRAS

Cos datos do último informe da Rede Europea contra a Pobreza (EAPN-España) de 2017⁷⁰, os riscos asociados á pobreza e/ou exclusión na poboación infantil foron sempre máis elevados que os que presentan outros grupos de idade, nun intervalo que se sitúa entre os cinco e os sete puntos porcentuais por encima da taxa media da poboación. O risco de pobreza ou exclusión social afectaría a un 27,9% (AROE⁷¹) da poboación, equivalente a un total de 12.989.405 persoas; delas,

máis de 2,9 millóns están en situación de **“pobreza severa”, con ingresos por baixo do limiar do 30% da mediana da renda (342€ mensuais para o fogar dunha soa persoa).**

A situación presenta unha gran heteroxeneidade a nivel territorial, debido ás diferenzas existentes na renda per cápita e o Produto Interior Bruto (PIB), así como ás políticas sociais e os sistemas de protección adoptados polas comunidades autónomas no ámbito das súas competencias

Sendo así, **España aínda está moi lonxe de cumprir o obxectivo acordado de reducir entre 1.400.000 e 1.500.000 o número de persoas en risco de pobreza ou exclusión social no período 2011-2020**, dos que un volume significativo son nenos e nenas. Cando xa transcorreu case a totalidade dese período, en lugar de avanzar retrocedeuse con respecto á situación inicial, esixindo o seu cumprimento unha redución nos próximos dous anos de **máis de 2,4 millóns de persoas en situación de pobreza ou exclusión, dos que aproximadamente 690.000 son menores.**

No informe realizado por Oxfam Intermón, UNICEF Comité Español e WWF España (2017)⁷², no que se propoñen indicadores para o desenvolvemento sostible



©UNICEF/Anxo Del Río

en España, cobra una especial relevancia este tema. Trátase de responder de maneira efectiva á loita contra a pobreza, a desigualdade e a favor da sostibilidade, a partir dunha redución das altas taxas de pobreza e exclusión social.

A Enquisa de Condicións de Vida 2016⁷³ do Instituto Nacional de Estatística (INE) cifra nun **29,7% os menores que viven en fogares con ingresos baixo o limiar de pobreza relativa (inferior ao 60% da mediana da renda nacional equivalente)**, un 9,9% en fogares en situación de pobreza severa (renda inferior ao 40%), e un 7,1% en condicións de privación material severa, unida a unha baixa intensidade no traballo no fogar. As situacións que incrementan o risco de pobreza ou exclusión social na infancia son “vivir en familias cuxos proxenitores non alcanzaron a segunda etapa da educación secundaria” (45,2%), “vivir en familias nas que os proxenitores non teñen a nacionalidade española” (74,7%) e “vivir en familias monoparentais” (42,2%).

En Galicia, o 25,4% (AROPE) da poboación estaba en risco de pobreza ou exclusión social en 2016: unhas 690.505 persoas, dun total de 2.718.525 que estaban censadas iniciándose ese ano. En termos absolutos, 111.460 vivían en situación de carencia material severa (o 4,1% da poboación). Sen que existan contradicións significativas nas informacións accesibles, o IGE⁷⁴, cos mesmos datos censuais sitúa a **“taxa de risco de pobreza ou exclusión social” nun 20,3% da poboación galega -un total de 552.676 persoas- considerando como tales quen se atopa nalgunha destas**

situacións: en risco de pobreza, en carencia material severa ou persoas menores de 60 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo.


A taxa de risco de pobreza ou exclusión social -atendendo as informacións que constan na Estratexia Europa 2020-, para o ano 2016, é superior nos municipios de entre 20.000 e 50.000 habitantes (23,4% de media), mentres que os municipios de entre 10.000 e 20.000 habitantes mostran a taxa máis baixa (19,1%). Por áreas xeográficas, os últimos datos dos que se dispón, a partir da *Enquisa estrutural a fogares* (IGE, 2016), castigan especialmente as áreas do Carballiño-O Ribeiro (30,4%), Ourense sur (30%), Pontevedra sur (26,7%), e Caldas-O Salnés (25,7%), sendo as mellor posicionadas as de Lugo oriental (12,6%), A Mariña (13,5%), A Coruña suroriental (14,7%) e Área da Coruña (15,8%).

Coas informacións que achega o IGE resultan especialmente significativas as diferenzas nas taxas de risco de pobreza ou exclusión social que se observan entre **fogares con menores a cargo” (21,4%) e os “fogares sen menores a cargo” (19,2%), sobre todo cando se trata dun “adulto con menores a cargo”,** nos que dita taxa alcanza ao 49,6%; é dicir, máis do dobre da media para o conxunto galego (20,3%).

Os datos facilitados polo INE -de acordo coa Enquisa de Condicións de Vida 2016- indican que o aumento da pobreza é unha das secuelas que a crise económica deixou en España no último lustro (véxase Gráfica 1).

Desde o meu punto de vista, a pobreza afecta en maior medida aos nenos, dado que se atopan nun estado de vulnerabilidade maior que os adultos

ADRIANA
15 ANOS




A pesar deste incremento, **Galicia contaría cunha taxa de risco de pobreza ou exclusión social inferior á doutras comunidades autónomas**, onde as dificultades para satisfacer as necesidades básicas son moito máis perentorias: no período comprendido entre 2011-2016, Galicia mantense (cun 20,3%) por baixo da media española na evolución da taxa AROPE, sendo a diferenza de máis de sete puntos porcentuais en 2016. Así mesmo, tamén pode observarse unha lixeira diminución da devandita taxa, tanto a nivel nacional como autonómico, nos últimos dous anos dos que se dispón de datos.

A pesar diso, avogamos por incrementar e, en todo caso, manter as partidas orzamentarias destinadas a mellorar as prestacións sociais e as axudas económicas ás familias en situación de pobreza e/ou exclusión social, con fillos menores a cargo, e as correspondentes ao sistema de ingresos mínimos. Trátase de **garantir a igualdade de oportunidades e a non discriminación, aproximando o investimento nas políticas de infancia á media europea (2,2 do PIB), como un modo de romper os círculos da pobreza e as súas crecentes desvantaxes para os nenos e nenas.**

GRF. 1

Evolución da taxa de risco de pobreza ou exclusión social (AROPE) en Galicia e España (2011-2016) (%)




Fonte: Enquisa de Condicións de Vida (ECV). Ano 2016 (INE, 2016) ⁷⁶

E é que cunhas políticas públicas xenerosas e decididas pódese reducir substancialmente a pobreza infantil. Para iso referímonos á investigación realizada por Olga Cantó e Luís Ayala para UNICEF Comité Español (2014)⁷⁵.

Ambos os autores insisten en que unha das ferramentas máis efectivas para reducir a pobreza infantil, aínda que non a única, son as prestacións monetarias ás familias con nenos. Cantó e Ayala propoñen distintas fórmulas, entre as que destacamos a proposta de **desenvolver unha política universal na que a prestación sexa de 1.200€ por fillo a cargo ata os 18 anos**, independentemente dos ingresos.

Pero tamén incrementar e diversificar as iniciativas orientadas a proporcionar unha atención prioritaria á infancia en situación de vulnerabilidade, risco e exclusión social, en ámbitos directamente relacionados coa súa alimentación, educación, saúde, vivenda, lecer e acceso ás actividades socioculturais e deportivas. Unha liña de actuación que require de políticas que afronten a

pobreza infantil de maneira estrutural, integral e integradora, con obxectivos identificables a curto, medio e longo prazo, proxectados nun sistema de indicadores precisos, tanto nos seus perfís cuantitativos como cualitativos.



Que os pais ou titores teñan dificultades para chegar a fin de mes afecta ás actividades nas que os nenos poderán participar, no material escolar...

Conclusión do Consello de Participación Infantil de Tomiño



OS RISCOS DE POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL DA INFANCIA EN GALICIA


Da análise pormenorizada dos principais indicadores que compoñen o índice AROPE en relación coa infancia en Galicia, destacamos as seguintes conclusións:

A teor dos datos de 2016 sobre a taxa de risco de pobreza ou exclusión social infantil, Galicia é a sexta

comunidade menos afectada. Con todo, e tendo en común con outras realidades territoriais o feito de que as familias tamén perderon poder adquisitivo, debe significarse que un 27% dos nenos e nenas menores de 18 anos están en situación vulnerable no territorio galego: un de cada catro. Tal e como se pode observar nas gráficas 2 e 3 (cos datos que permiten a súa elaboración con certos criterios de homoxeneidade), o risco de pobreza ou exclusión social infantil en Galicia, comparativamente coas demais comunidades autónomas, é inferior, situándose 6 puntos porcentuais por baixo da media nacional.

GRF. 2


Evolución da taxa de risco de pobreza ou exclusión social da poboación menor de 18 anos (AROPE) en Galicia e España (2005-2016)(%)



Fonte: Infancia en datos www.infanciaendatos.es ⁷⁷

GRF. 3

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social da poboación menor de 18 anos (AROPE) por comunidades autónomas (2016)



As carencias que se asocian á privación material severa, un indicador de AROPE co que se mide a proporción de poboación que non pode permitirse satisfacer algunhas das súas necesidades básicas -pagos de aluguer, facer fronte a imprevistos económicos, unha alimentación equilibrada, ir de vacacións, dispoñer de coche, lavadora e/ou televisión, etc.- son moito menores en Galicia que no resto de España: en 2016, a porcentaxe de nenos e nenas menores de 18 anos que vivían en fogares con carencia severa, ao non poder cubrir catro dos nove factores contemplados, situábase ao redor do 5,1%, fronte ao 7,1% da media española, sendo xunto a Aragón a comunidade autónoma menos penalizada.

Respecto aos fogares que non poden facer fronte a gastos imprevistos, e nos que viven nenos menores de 18 anos, os datos indican que Galicia se sitúa claramente por baixo da media nacional (29,8% fronte a un 41,2% en 2016), cunha diferenza de máis de once puntos porcentuais. Con todo, un 47,5% de fogares galegos con nenos e nenas menores de 18 anos non poden gozar dunha semana de vacacións ao ano, superando a media estatal (41,4%).

Os datos da Enquisa de Condicións de Vida do INE⁷⁹ de 2016 revelan que o 9,6% dos fogares galegos non poden manter a vivenda cunha temperatura adecuada.

En 2016, a porcentaxe de nenos e nenas de Galicia en risco de pobreza relativa era do 25%, visiblemente inferior á media estatal (29,7%), igual que sucede co índice de cociente s80/s20, que mide a desigualdade na distribución da renda (5,6% en Galicia, fronte a 8,1% en España).


No terceiro dos indicadores dos que fai uso AROPE, relativo á “baixa intensidade de traballo” (gráficas 6 e 7), no que se analiza a porcentaxe de nenos e nenas que viven en fogares onde os seus pais traballaron menos dun 20% do seu potencial total de traballo no último ano, Galicia era -en 2016- a cuarta comunidade autónoma con menor taxa de nenos e nenas nesta situación (6,3%); sendo Canarias a que conta cunha maior porcentaxe no conxunto do Estado.

A crise económica afectou en Galicia do mesmo xeito que noutros lugares. Vese en que hai máis xente sen traballo e isto afecta directamente aos nenos, á súa posición económica familiar, e nesta sociedade isto pode chegar mesmo á exclusión social

LAURA
14 ANOS

GRF. 4


Evolución (%) da poboación menor de 18 anos que vive en fogares con privación material severa en Galicia (2005-2016)



Fonte: Infancia en datos www.infanciaendatos.es ⁸⁰

GRF. 5


Evolución (%) de fogares en Galicia con nenos de 0-17 anos que non poden afrontar gastos imprevistos (2008-2016)



Fonte: Infancia en datos www.infanciaendatos.es ⁸¹

GRF. 6


Porcentaxe de nenos e nenas que viven en fogares con baixa intensidade de traballo, por comunidades autónomas (2016)



Fonte: Infancia en datos www.infanciaendatos.es 82

GRF. 7

Evolución da porcentaxe de nenos e nenas que viven en fogares con moi baixa intensidade de traballo en Galicia (2005-2016)



Fonte: Infancia en datos www.infanciaendatos.es 83



7

AXENDA PARA A ACCIÓN

A partir da investigación e recompilación de datos realizada no presente informe e tendo en conta a Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN), as observacións finais do Comité dos Dereitos do Neno a España 2018, así como informes previos de UNICEF Comité Español, propónse unha relación de recomendacións sobre as accións e medidas a emprender en Galicia para promover e protexer os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes da comunidade.

POLÍTICAS PÚBLICAS E LEXISLACIÓN

1

01 Posta en marcha e dotación orzamentaria anual da **Estratexia Galega de Infancia e Adolescencia (EGIA 2016 - 2020)**.

02 Creación, posta en marcha e dotación orzamentaria e de recursos humanos do **Observatorio Galego da Familia e da Infancia**, como órgano asesor e de apoio, análise, investigación, estudo e desenvolvemento de actuacións en materia de infancia e familia.

03 Impulsar unha **Lei Autonómica de Infancia e Adolescencia** que reflicta os cambios e evolución producidos na lexislación estatal adaptándose ao contexto galego.

04 Impulsar a **elaboración e difusión de informes de situación da infancia en Galicia**, establecendo indicadores e mecanismos de recompilación e análise de datos.

05 Posta en marcha do **Plan Galego de Política Familiar 2015-2018, Horizonte 2020**.

2

EDUCACIÓN

01 Garantir o **dereito á educación** e un investimento suficiente no **primeiro ciclo de educación infantil**.

02 Debe valorarse a adecuación da inclusión da **etapa 0-3** na **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** ou o seu mantemento na Consellería de Política Social, cun traballo coordinado que facilite e promova activamente o acceso, as oportunidades de aprendizaxe, xogo e socialización, e asegure o desenvolvemento do máximo potencial dos nenos e nenas 0-3.

03 Seguir avanzando na redución da **taxa de abandono escolar temperán**, situándoa por baixo do 10%, emulando a outros territorios do Estado e da mesma UE.

04 Potenciar os programas de educación familiar, incidindo no desenvolvemento dunha **parentalidade positiva** que redunde no benestar da infancia.

05 Garantir a suficiencia e a estabilidade dos **recursos económicos no sistema educativo**, reforzando o investimento no ensino público e establecendo uns mínimos de investimento público tanto en relación á porcentaxe sobre o gasto público como en termos absolutos. Nunha primeira fase avogamos por recuperar os niveis de investimento en educación non universitaria do ano 2009: 2.004.193€.

3

SAÚDE

- 01 Asegurar o acceso á **atención sanitaria pública, gratuíta e de calidade a todos os menores de orixe inmigrante**, con independencia da situación administrativa da súa familia, en cumprimento da normativa nacional e autonómica.
- 02 Poñer o foco no **Plan Xermola**, plan para a prevención da obesidade infantil en Galicia, co obxectivo de reducir os elevados datos de obesidade e sobrepeso na comunidade.
- 03 Promover a elaboración de **estratexias específicas** nos ámbitos de saúde mental, consumo de substancias nocivas e calidade de vida.



©UNICEF/Gloria Del Río



- 01 Creación e posta en marcha do **Consello Galego da Infancia e a Adolescencia**, como **órgano participativo autonómico** que canalice e represente a opinión e a experiencia dos nenos, nenas e adolescentes galegos.

4

PARTICIPACIÓN

- 02 Promover espazos ou **órganos estables de participación infantil no ámbito municipal**.
- 03 Incorporar as propostas da infancia e a adolescencia na **recollida de datos e toma de decisións**, e promover a elaboración de **plans municipais de infancia e adolescencia**.
- 04 Facilitar a **participación da infancia máis vulnerable**, en especial dos nenos e nenas con algunha discapacidade, os menores de idade cunha medida de acollemento, nenos inmigrantes ou os nenos e nenas de etnia xitana.



5 PROTECCIÓN

01

Difundir o **Protocolo Básico de intervención contra os malos tratos infantís no ámbito familiar**, así como as **Follas de notificación de Sospeita de Malos tratos Infantís**, entre os profesionais con responsabilidade na súa aplicación, garantindo o coñecemento e a utilización dos mesmos.

02

Garantir a transparencia do sistema de protección a través da recompilación homoxénea de datos, e a análise e difusión da información, por medio de ferramentas como as memorias estatísticas e orzamentarias.

03

Dotar o sistema de protección dos **recursos económicos e humanos adecuados e suficientes** para garantir que os nenos, nenas e adolescentes reciban a atención individualizada que necesitan.

04

Impulsar o **liderado da Xunta de Galicia en materia de traslado e tutela de nenas, nenos e adolescentes estranxeiros non acompañados entre comunidades autónomas**, a prol de promover a solidariedade e corresponsabilidade de todas as autonomías, de maneira que se garanta a correcta atención e protección a todos os nenos que cheguen ás fronteiras españolas, para o que resulta igualmente necesaria a existencia dun sistema de información actualizado e fiable.

01

Establecemento dun **programa orzamentario específico para a infancia** en Galicia. Garantir un enfoque de dereitos do neno nos orzamentos da comunidade, podéndose medir a trazabilidade dos mesmos, e unha correcta análise da idoneidade dos fondos destinados á infancia.

02

Impulsar, enmarcada na *Estratexia de Inclusión Social 2014-2020*, **a loita contra a pobreza e a exclusión en Galicia cun enfoque de infancia**.

03

Establecer **unha prestación por fillo menor de idade a cargo de 1.200 euros ao ano**, empezando polos máis vulnerables, xa que o 25,4% dos nenos e nenas se atopa en risco de pobreza e exclusión social en Galicia.

04

Incorporar o **enfoque de equidade nas políticas destinadas á infancia**. Deberase contemplar a realidade específica dos nenos e as nenas máis vulnerables no deseño e seguimento das políticas sociais, especialmente nas educativas e de loita contra a pobreza.

6 POBREZA



8

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ¹ UNICEF España (2010). *La infancia en España. 20 años de la Convención sobre los Derechos del Niño: retos pendientes*. Recuperado de https://www.unicef.es/sites/unicef.es/files/Informe_Infancia_Espana_2010_UNICEF.pdf
- ² UNICEF España (2012). *La infancia en España 2012-2013: El impacto de la crisis en los niños*. Recuperado de <https://www.unicef.es/publicacion/la-infancia-en-espana-2012-2013-el-impacto-de-la-crisis-en-los-ninos>
- UNICEF Comité Español (2014). *La infancia en España 2014. El valor social de los niños: hacia un Pacto de Estado por la Infancia*. Recuperado de https://www.unicef.es/sites/unicef.es/files/triptico_infancia_en_espana_2014.pdf
- ³ Naciones Unidas, Comité dos Dereitos do Neno. *Observaciones Finales del Comité de los Derechos del Niño a España 2018. CRC/C/ESP/CO/5-6, 5 de marzo de 2018, disponible en: https://www.unicef.es/publicacion/observaciones-finales-del-comite-de-los-derechos-del-nino-espana-2018*
- ⁴ Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil. BOE, Madrid, 15 de xaneiro de 1996. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1996-1069>
- ⁵ Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. BOE, Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2011. Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2011-13120>
- ⁶ Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. BOE, Madrid, 28 de xullo de 2015. Recuperado de https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-8470
- ⁷ Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. BOE, Madrid, 22 de xullo de 2015. Recuperado de https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-8222
- ⁸ Orde do 21 de marzo de 2012 pola que se establece o modelo oficial de contrato de intermediación en adopción internacional para a Comunidade Autónoma de Galicia https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20120417/AnuncioCA05-110412-0003_es.html
- ⁹ Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia. http://noticias.juridicas.com/base_datos/CCAA/576652-d-192-2015-de-29-oct-ca-galicia-cartera-de-servicios-sociales-de-familia.html
- ¹⁰ Xunta de Galicia (2015). *Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia (EGIA) 2016-2020*. Recuperado de http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Estudos_e_informes/EGIA_borrador_19-11-15.pdf
- ¹¹ Xunta de Galicia. Política Social. Recuperado de http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/planseprogramas?p_p_id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_P37k&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_col_id=column-3&p_p_col_count=1&ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_P37k_content=%2Fopencms%2FBenestar%2FContidos%2FPlans_e_programas%2Fdocumento_0021.html&category=Tema/Infancia/Tiposenumerados/Tipodocumento/Plan-ou-programa/&friendlyURL=/portada-de-infancia&activo=Tipos_enumerados/Tipo_Documento/Plan_ou_programa/
- ¹² Xunta de Galicia. Instituto Galego de Estatística. Recuperado de <https://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>
- ¹³ Xunta de Galicia. *Plan Galego de Política Familiar 2015-2018, Horizonte 2020*. Recuperado de http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/borrador_PGPF.pdf
- ¹⁴ Xunta de Galicia. *Programa de Apoio á Natalidade*. Recuperado de <http://www.pan.gal/index.html>
- ¹⁵ Xunta de Galicia. (2014). *Informe sobre a pobreza infantil en Galicia. Documento executivo 2014*. Santiago de Compostela: Consellería de Traballo e Benestar.
- ¹⁶ Xunta de Galicia (2016). *Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Recuperado de <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/18449>
- ¹⁷ Xunta de Galicia (2016). *Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Recuperado de <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/18477>
- ¹⁸ Xunta de Galicia (2014). *Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario*. Santiago de Compostela: Consellería de Sanidade. Recuperado de http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2014/07/02/libro_tdah_definitivo_16-06-14.pdf
- ¹⁹ Xunta de Galicia (2010). *Guía para a detección do maltrato infantil*. Recuperado de <https://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Guias/guiamaltrato2010.pdf>
- ²⁰ Xunta de Galicia (2000). *Protocolo de actuación en abusos sexuais a menores*. Santiago de Compostela. Recuperado de https://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Contidos_Estandar/Protocolo_Abusos_2000.pdf
- ²¹ Xunta de Galicia. Campaña “Un de cada cinco”. Recuperado de <http://www.pan.gal/index.html> <https://politicassocial.xunta.gal/web/portal/campana-un-de-cada-cinco>
- ²² Xunta de Galicia. *Protocolo de coordinación, intervención y derivación interinstitucional en atención temprana*. Recuperado de http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Contidos_Estandar/Protocolo_Atencion_temprana_CAS.pdf
- ²³ UNICEF (2005). *Estado Mundial de la Infancia 2005. La infancia amenazada*. Recuperado de https://www.unicef.org/spanish/sowc05/sowc05_sp.pdf
- ²⁴ Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (xuño 2017). *Enseñanzas no universitarias. Alumnado matriculado. Curso 2016-2017*. Datos Avance. Recuperado de <https://www.educacion.gob.es/educabase/menu.do?type=pcaxis&path=/Educacion/Alumnado/Matriculado/2016-2017DA/Comunidad/RG&file=pcaxis&l=s0>

- ²⁵ Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2017). *Sistema estatal de indicadores de la educación 2017*. Recuperado de <http://www.mecd.gob.es/dctm/inee/indicadores/2017/2017-seie-final-21-julio-2017.pdf?documentId=0901e72b8260b0e1>
- ²⁶ Xunta de Galicia (2014). *Estrategia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020*. Recuperado de http://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/politica-social/estrategia_inclusion_social_galicia_2014_2020_cas.pdf
- ²⁷ Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2017). *Sistema estatal de indicadores de la educación 2017*. Recuperado de <http://www.mecd.gob.es/dctm/inee/indicadores/2017/2017-seie-final-21-julio-2017.pdf?documentId=0901e72b8260b0e1>
- ²⁸ Orde do 13 de xuño de 2017 pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño, parcialmente cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e procédese á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2017, 2018, 2019 e 2020. DOG, Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2017. Recuperado de https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170623/AnuncioG0425-140617-0003_es.html
- ²⁹ Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2017). *Sistema estatal de indicadores de la educación 2017*. Recuperado de <http://www.mecd.gob.es/dctm/inee/indicadores/2017/2017-seie-final-21-julio-2017.pdf?documentId=0901e72b8260b0e1>
- ³⁰ Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2017). *Sistema estatal de indicadores de la educación 2017*. Recuperado de <http://www.mecd.gob.es/dctm/inee/indicadores/2017/2017-seie-final-21-julio-2017.pdf?documentId=0901e72b8260b0e1>
- ³¹ OECD (2014). *PISA in Focus*43. Recuperado de <http://educalab.es/documents/10180/136527/pisa-in-foc-us-n43-esp.pdf/4aaa3b3-a6cd-4133-bdd4238951e301f6>
- ³² Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2017). *Sistema estatal de indicadores de la educación 2017*. Recuperado de <http://www.mecd.gob.es/dctm/inee/indicadores/2017/2017-seie-final-21-julio-2017.pdf?documentId=0901e72b8260b0e1>
- ³³ Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2017). *Sistema estatal de indicadores de la educación 2017*. Recuperado de <http://www.mecd.gob.es/dctm/inee/indicadores/2017/2017-seie-final-21-julio-2017.pdf?documentId=0901e72b8260b0e1>
- ³⁴ Xunta de Galicia. *Programa PROA*. Recuperado de <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/2083>
- ³⁵ Xunta de Galicia. *Plan Proxecta*. Recuperado de <http://www.edu.xunta.gal/portal/planproxecta>
- ³⁶ Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2016). *PISA 2015. Programa para la Evaluación Internacional de los Alumnos. Informe Español*. Recuperado de <https://www.mecd.gob.es/inee/dam/jcr:e4224d22-f7ac-41ff-a0cf-876ee5d9114f/pisa2015preliminarok.pdf>
- ³⁷ Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2017). *Sistema estatal de indicadores de la educación 2017*. Recuperado de <http://www.mecd.gob.es/dctm/inee/indicadores/2017/2017-seie-final-21-julio-2017.pdf?documentId=0901e72b8260b0e1>
- ³⁸ Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2018). *Las cifras de la educación en España. Curso 2015-2016*. Recuperado de <https://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/estadisticas/educacion/indicadores-publicaciones-sintesis/cifras-educacion-espana/2015-16.html>
- ³⁹ Médicos do Mundo (2015). *Catro anos de Reforma Sanitaria en Galicia. Avaliación do acceso das persoas inmigrantes aos servizos de saúde en Galicia durante o 2015*.
- ⁴⁰ Médicos do Mundo (2017). *Cinco anos de discriminación sanitaria en Galicia. O impacto da reforma sanitaria na poboación migrante en Galicia en 2016/2017*. Recuperado de <https://www.flipsnack.com/F989F99C5A8/cinco-anos-de-discriminacion-sanitaria-en-galicia.html>
- ⁴¹ OMS (2016). *Informe de la Comisión para acabar con la obesidad infantil I*. Recuperado de http://apps.who.int/iris/bitstream/10665/206450/1/9789243510064_spa.pdf?ua=1
- ⁴² Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (MSSSI). *Encuesta Nacional de Salud de España (ENSE), 2011-2012*.
- ⁴³ Xunta de Galicia (2014). *Plan Xermola, Plan para a prevención da obesidade infantil en Galicia*. Santiago de Compostela: Consellería de Sanidade. Recuperado de http://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/37/Plan_Obesidade_Xermola_gallego_web.pdf
- ⁴⁴ Hibell, B. (2013). *The 2012 ESPAD impact survey*. Recuperado de http://www.emcdda.europa.eu/system/files/publications/815/2012_ESPAD_Impact_Survey_final_474979.pdf
- ⁴⁵ INJUVE (2013). *Informe Juventud en España, 2012*. Madrid: Instituto de la Juventud. Recuperado de http://www.injuve.es/sites/default/files/2013/26/publicaciones/IJE2012_0.pdf
- ⁴⁶ Valedor do Pobo e USC (2015). *O consumo de alcohol e outras drogas entre os adolescentes galegos*. Santiago de Compostela. Recuperado de http://www.valedordopobo.gal/wp-content/uploads/2015/04/alcohol_e_mocidade.pdf
- ⁴⁷ MSSSI. *Encuesta sobre uso de drogas en enseñanzas secundarias en España, 2014-2015*.
- ⁴⁸ O SDQ é un Cuestionario de Cualidades e Dificultades que detecta probables casos de trastornos mentais e do comportamento en nenos de 4 a 16 anos. O TDS puntúa entre 0 e 40, e cada dimensión puntúa entre 0 e 10. Excepto para a dimensión prosodia', a maior puntuación, peor Saúde Mental
- ⁴⁹ MSSSI. *Salud Mental y Calidad de Vida en Población Infantil, 2011-2012*.
- ⁵⁰ Declaración dos Ministros de Sanidade dos Estados Membros na Rexión Europea da OMS.
- ⁵¹ Definida como a influencia do estado de saúde, os coidados sanitarios e a promoción da saúde sobre a capacidade do individuo para manter un nivel de funcionamento que lle permita realizar as actividades que lle son importantes, e que afectan o seu estado xeral de benestar.
- ⁵² MSSSI. (2014). *ENSE 2011/12*. Recuperado de https://www.msssi.gob.es/estadEstudios/estadisticas/encuesta-Nacional/encuestaNac2011/informesMonograficos/SM_CVRS_infantil_ENSE2011_12_MONOGRAFICO2.pdf

- ⁵³ MSSSI. *ENSE, 2011-2012*.
- ⁵⁴ Táboa 1032: https://www.msssi.gob.es/estadEstudios/estadisticas/encuestaNacional/encuestaNac2011/EstadoSalud_DistribucionPorcentual.pdf
- ⁵⁵ Xunta de Galicia (2015). *Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia (EGIA) 2016-2020*. Recuperado de http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Estudos_e_informes/EGIA_borrador_19-11-15.pdf
- ⁵⁶ Ministerio do Interior. *Sistema Estadístico de Criminalidad*.
- ⁵⁷ Ministerio do Interior. *Sistema Estadístico de Criminalidad*.
- ⁵⁸ Observatorio da Infancia (2014). *Protocolo básico de intervención contra el maltrato infantil en el ámbito familiar*. Recuperado de http://www.observatoriodelainfancia.msssi.gob.es/productos/pdf/MaltratoInfantil_accesible.pdf
- ⁵⁹ Observatorio da Infancia. *Boletín de datos estadísticos de medidas de protección a la infancia*. Boletíns número 18 e 19. Datos 2015 y 2016. Recuperado de <http://www.msssi.gob.es/ssi/familiasInfancia/Infancia/pdf/Boletinproteccion18provisionalcorrecto.pdf> <http://www.observatoriodelainfancia.msssi.gob.es/productos/pdf/Boletinproteccion19provisional.pdf>
- ⁶⁰ Xunta de Galicia (2017). *Estatística de protección de menores 2016*. Consellería de Política Social.
- ⁶¹ Ministerio do Interior (2016). *Sistema Estadístico de Criminalidad. Victimizaciones de menores de edad*.
- ⁶² Comité dos Dereitos do Neno (2007). *Observación General nº 10. Los derechos del niño en la justicia de menores*. Ministerio del Interior. Recuperado de http://www2.ohchr.org/english/bodies/crc/docs/CRC.C.GC.10_sp.pdf
- ⁶³ Xunta de Galicia (2017). *Execución de medidas xudiciais previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos Menores. Memoria 2016*. Recuperado de https://libraria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/memoria_medidas_xudiciais_2016_0.pdf
- ⁶⁴ UNICEF Comité Español (2017). *Un lugar donde quedarse. Atención a niños, niñas y adolescentes en acogimiento en el sistema de protección en España*. Recuperado de <https://www.unicef.es/publicacion/un-lugar-donde-quedarse>
- ⁶⁵ Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- ⁶⁶ Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- ⁶⁷ Naciones Unidas (2015). *Objetivos de Desarrollo del Milenio. Informe de 2015*. Nova York. Recuperado de http://www.un.org/es/millenniumgoals/pdf/2015/mdg-report-2015_spanish.pdf
- ⁶⁸ UNICEF (2016). *Estado mundial de la infancia 2016: una oportunidad para cada niño*. Nova York: Fondo das Nacións Unidas para a Infancia-UNICEF. Recuperado de <https://www.unicef.es/publicacion/estado-mundial-de-la-infancia-2016>
- ⁶⁹ Naciones Unidas, Comité dos Dereitos do Neno. *Observaciones Finales del Comité de los Derechos del Niño a España 2018*. CRC/C/ESP/CO/5-6, 5 de marzo de 2018, dispoñible en: <https://www.unicef.es/publicacion/observaciones-finales-del-comite-de-los-derechos-del-nino-espana-2018>
- ⁷⁰ Llano Ortiz, J. C., e EAPN-ESPAÑA (2017). *El estado de la pobreza: seguimiento del indicador de riesgo de pobreza y exclusión social en España (2008-2016)*. Madrid: European Anti Poverty Network-EAPN-España. Recuperado de http://www.eapn.es/estadodepobreza/ARCHIVO/documentos/Informe_AROPE_2017.pdf
- ⁷¹ O indicador AROPE expresa a proporción de nenos de 0 a 17 anos que vive en fogares que declaran non poder permitirse, debido a dificultades económicas, polo menos 4 dos 9 ítems seguintes: 1) Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano; 2) Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días; 3) Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada; 4) Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos (de 650 euros); 5) Tivo atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, recibos de gas, comunidade...) ou en compras a prazos nos últimos 12 meses; 6) Non pode permitirse dispoñer dun automóbil; 7) Non pode permitirse dispoñer de teléfono; 8) Non pode permitirse dispoñer dun televisor; 9) Non pode permitirse dispoñer dunha lavadora.
- ⁷² Oxfam Intermon, UNICEF Comité Español e WWF España. (2017). *Agenda 2030: Una oportunidad para las personas y el planeta. Propuesta de indicadores para el desarrollo sostenible en España*. Recuperado de https://www.unicef.es/sites/unicef.es/files/comunicacion/Propuesta_Indicadores_Agenda_2030_Espana.pdf
- ⁷³ Instituto Nacional de Estadística (2017). *Encuesta de Condiciones de Vida (ECV). Año 2016 Resultados definitivos*. Recuperado de http://www.ine.es/prensa/ecv_2016.pdf
- ⁷⁴ IGE (2016). *Enquisa estrutural a fogares. Cohesión social*. Recuperado de https://www.ige.eu/web/mostrat_actividade_estadistica.jsp?idioma=es&codigo=0205002&num_pag=11
- ⁷⁵ Cantó, O., e Ayala, L. (2014). *Políticas públicas para reducir la pobreza infantil en España: análisis de impacto*. Madrid: UNICEF Comité Español.
- ⁷⁶ *Encuesta de Condiciones de Vida (ECV). Año 2016 (INE, 2016)*.
- ⁷⁷ Infancia en datos www.infanciaendatos.es
- ⁷⁸ Infancia en datos www.infanciaendatos.es
- ⁷⁹ Instituto Nacional de Estadística. *Encuesta de condiciones de vida. Base 2013 - Año 2017*. Recuperado de http://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176807&menu=ultiDatos&idp=1254735976608
- ⁸⁰ Infancia en datos www.infanciaendatos.es
- ⁸¹ Infancia en datos www.infanciaendatos.es
- ⁸² Infancia en datos www.infanciaendatos.es
- ⁸³ Infancia en datos www.infanciaendatos.es



UNICEF Comité Galicia
Rúa Galeras 13, planta 2, oficina 5
15705 Santiago de Compostela, A Coruña
galicia@unicef.es
www.unicef.es

©UNICEF/Ajay Hirani

unicef 

para cada neno